

A colección
de vides
da estación de
viticultura e
enoloxía
de Galicia

XUNTA DE GALICIA

A COLECCIÓN
DE VIDES
DA ESTACIÓN DE
VITICULTURA E
ENOLOXÍA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

2011



Coordinadora

Emilia Díaz Losada

Autores

Emilia Díaz Losada
Ignacio Orriols Fernández
Francisco Rego Martínez
Andrea Tato Salgado
Ana Ramos Cabrer
Santiago Pereira Lorenzo

Edita

Xunta de Galicia
Consellería do Medio Rural.

Lugar

Santiago de Compostela

Asesoramento lingüístico

Antonia Vega Prieto

Ano

2011

Deseño, maquetación e impresión

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

DL C 2961-2011

ISBN 978-84-453-5003-4

PRESENTACIÓN

Galicia é posuidora dunha longa tradición histórica onde o mundo do viño recolle a esencia da súa cultura. No libro *A Colección de Vides da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia* preséntase unha descrición polo miúdo das variedades de vide que estiveron e están presentes nesta tradición galega e que evolucionaron no tempo en resposta a cambios biolóxicos, ambientais e socioculturais.

O complexo varietal da vide que se veu desenvolvendo en Galicia ao longo dos séculos ata mediados do XIX, como na maior parte de Europa, viuse gravemente afectado polas crises provocadas por pestes como o oídio, a filoxera e o mildeu, que ocasionaron unha gran perda da diversidade orixinaria.

Dende a Xunta de Galicia, tras a creación da EVEGA no ano 1985, financiouse a creación dun banco de xermoplasma de vide como medida para garantir a conservación *in situ* dos recursos xenéticos da vide presentes na nosa Comunidade Autónoma. Este banco foise configurando grazas ao esforzo dos distintos investigadores que procederon á recollida e conservación das variedades locais, algunhas delas en perigo de extinción. A partir de entón tamén se emprenderon dende EVEGA estudos relacionados coa caracterización e potencialidade deste amplo patrimonio xenético.

A conservación de cultivares nun banco de xermoplasma é xustificada por constituír unha fonte valiosa de xenes de importancia que están agochados, agardando a súa utilización nos programas de mellora xenética de cara ao

descubrimento de variedades que os viticultores poidan utilizar con propósitos comerciais. É tamén un patrimonio biolóxico e xenético que permite unha maior adaptación e plasticidade ás diferentes condicións do medio. E non é menos mencionar o seu valor para encontrar xenes de resistencia a enfermidades nas que as variedades comerciais actuais poidan fallar como consecuencia de pragas ou enfermidades xeneralizadas. Nel tamén poden estar presentes ecotipos que posúan características sobresaíntes que os fagan máis apreciados nun momento dado ou para un determinado tipo de consumidores.

O estudo das variedades que se leva a cabo nesta publicación responde ás funcións que a Consellería do Medio Rural encomenda ao INGACAL, e no seu nome á Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia, como centro de execución de programas e proxectos de investigación e experimentación vitivinícola, así como de divulgación e posta en valor dos resultados, actuando, de ser preciso, en colaboración con outras entidades públicas ou privadas.

Desexamos que esta actuación sirva para un mellor coñecemento, difusión e intercambio dos recursos xenéticos cos que contamos, coa finalidade de aumentar a utilización das variedades ancestrais nunha produción vitícola sustentable encamiñada a competir no mercado actual, onde cada vez se valora máis un produto de calidade diferenciada.

Samuel Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

Índice

Os autores.....	9
Nota preliminar.....	11
O cultivo da vide en Galicia: Tradición e actualidade.....	15
A colección de vides da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia	31
Metodoloxía utilizada na caracterización varietal	35
Fichas descritivas das variedades de vide	41
Agudelo.....	43
Albarín Branco.....	48
Albarín Tinto	53
Albariño.....	58
Albilla.....	63
Aramón.....	68
Branca de Monterrei	73
Brancellao	78
Brancellao Branco.....	83
Brujidera	88
Caíño Branco.....	93
Caíño Bravo.....	98

Caíño Longo 1	103
Caíño Longo 2	108
Caíño Tinto	113
Carrasquín	118
Castañal.....	123
Catalán	128
Corbillón	133
Couxo	138
Dona Branca.....	143
Ferrón	148
Garnacha	153
Garnacha Tintureira	158
Garrido Fino	163
Godello	168
Gold	173
Gran Negro	178
Híbrido	183
Italia.....	188
Lado	193
Loureira	198
Malvasía	203
Mandón	208
Mencia	213
Merenzao	218
Moscatel.....	223
Moscatel de Bago Miúdo.....	228
Moscatel de Bago Miúdo Tinto	233
Moscatel de Hamburgo.....	238
Mouratón	243
Náparo	248
Negrón de Aldán	253
Palomino	258
Pan e Carne	263
Pedral	268
Picapoll Negro	273

Pirixileira	278
Planta Fina	283
Promisión	288
Ratiño	293
Silveiriña	298
Sousón	303
Tempranillo	308
Tinta da Zorra	313
Tinta Femia	318
Torrontés 1	323
Torrontés 2	328
Traminer	333
Treixadura	338
Treixadura Francesa	343
Verdello	348
EVEGA 1.....	353
EVEGA 3.....	358
EVEGA 4.....	363
EVEGA 5.....	368
EVEGA 6.....	373
Bibliografía	379
Esbozo da localización das variedades no viñado de EVEGA	385



OS AUTORES

Que sería do noso planeta sen a diversidade de seres que o compoñen? Que sería da vida sen a diversidade de coñecementos, de anécdotas e vivencias? Que sería da nosa cultura sen un dos seus elementos que é símbolo de amizade, compañía, compromiso...?

O mosto fermentado, froito da vide, foi e é indicativo de benestar e, malia os numerosos avatares que a historia marcou, rexorde sempre buscando ser non só unha bebida alcohólica sen máis, senón que aparece unindo solo, clima e variedade.

Galicia, posuidora de orografía e climatoloxía diversa, alberga un importante patrimonio varietal que a Administración quere preservar para todos os galegos e abrir as súas fronteiras máis alá dos seus límites físicos e políticos.

Por iso se conservan nun pequeno recanto variedades que formaron parte da súa historia, que deron resposta ás necesidades vitais dos seus habitantes en momentos críticos e que noutros foron punto clave do desenvolvemento da rexión.

Variedades de orixe incerta, talvez traídas por distintos poboadores que chegaron á rexión

ou ben xa presentes no noso solo dende a prehistoria, son consecuencia de procesos xenéticos naturais que deron lugar a individuos que hoxe consideramos como autóctonos.

É o gusto do consumidor quen determinou a variabilidade do produto. Esta hai que buscala na materia prima, que adaptada ás condicións ambientais propias dun lugar permite coa tecnoloxía axeitada a obtención do bo mosto que dará o mellor viño.

Conservar a diversidade permitirá dar resposta a distintos padais, pero tamén a cambios físicos, climáticos, políticos ou culturais que poidan xurdir nun futuro non moi afastado.

Bioloxía, biodiversidade, taxonomía, produción, xenética foron algúns dos campos de estudo que abordaron os autores neste libro ao longo da súa vida profesional; campos que permitiron contemplar a vide dende distintos aspectos, contribuíndo os seus coñecementos á elaboración desta obra, cuxa realización non sería posible sen o apoio e interese que mostraron organismos públicos, entre os que é necesario mencionar: a Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia)

que financiou, dende a creación da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia, a prospección e a conservación deste material vitícola; o Instituto Nacional de Investigacións Agrarias (INIA), que financiou a caracterización mediante marcadores morfolóxicos e moleculares este banco de xermoplasma da vide, o que permitiu a creación deste libro.

Por outra parte, queremos expresar o noso agradecemento aos distintos cargos directivos da Consellería do Medio Rural que directa ou indirectamente facilitaron o noso labor.

E tamén están na nosa mente os traballadores do Centro, especialmente os que dedican o seu traballo ao mantemento do terreo e que día tras día miman todos e cada un dos exemplares presentes neste banco.

NOTA PRELIMINAR

Na presente publicación expóñense os resultados obtidos ata o momento no Programa de caracterización do banco de xermoplasma presente na Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA), dependente do Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL), adscrito á Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia).

Este libro pretende ser a base de referencia das variedades que están ou estiveron presentes na rexión galega, contribuíndo ao seu coñecemento mediante a presentación do material fotográfico de cada xenotipo, e acompañado da súa correspondente descrición morfolóxica.

Preséntase a xeito de fichas que recompilan a localización física das distintas accesións de cada variedade no viñado sito nas dependencias de EVEGA, as sinonimias coas que se coñecen os distintos xenotipos na nosa rexión, e que constan no banco, pequenas notas sobre a súa localización e a importancia do seu cultivo en épocas pretéritas, así como a súa importancia na actualidade. Para iso faise referencia á superficie de cultivo rexistrada no Rexistro Vitícola (datos sen publicar facilitados polo Servizo de Sanidade e

Producción Vexetal, Consellería do Medio Rural) e á categoría coa que son contempladas nos regulamentos das denominacións de orixe. A caracterización dos cultivares mediante marcadores morfolóxicos e moleculares é o compoñente principal desta publicación. A descrición morfolóxica está complementada con estudos filométicos que se consideran caracteres máis obxectivos na identificación varietal. Tamén se indican os alelos, en número de pares de bases, de oito loci microsátélites que identifican cada cultivar.

Ademais, engádese unha pequena recensión do comportamento agronómico e enolóxico, procedente tanto dos resultados achegados por distintos autores coma dos estudos realizados no propio viñado de EVEGA. Son de mencionar os realizados por Freijanes *et al.* (1993), Díaz-Losada *et al.* (2006), Hernández Mañas e Rodríguez-Rodríguez (2006), Blanco *et al.* (2007, 2008), Díaz-Losada *et al.* (2008 a,b), Cortés *et al.* (2008 a,b,c,d), Orriols *et al.* (2008), Río-Segade *et al.* (2008) e Cortés e Díaz-Losada (2009).

Descríbense en total 67 xenotipos distintos. Dalgúns non coñecemos a súa denominación malia

realizar a busca bibliográfica, o cal nos fai barallar a hipótese de que se trata de xenotipos novos aínda non descritos.

Paralelamente á caracterización do banco realizáronse novas prospeccións que nos permitiron corroborar *in situ* a existencia actual dalgunhas das variedades, así como contrastar a denominación coa que están rexistradas na colección coas dadas polos viticultores nas distintas zonas da rexión.

Finalmente inclúese un esbozo orientativo coa distribución das distintas variedades no viñado de EVEGA.

Para dar a coñecer e divulgar ao máximo esta colección, publícase a monografía *Colección de Vides da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia* grazas ao labor dos traballadores de EVEGA e ao apoio das institucións administrativas nacionais e comunitarias, quen garantirán a conservación desta biodiversidade vexetal nun futuro.

A COLECCIÓN
DE VIDES
DA ESTACIÓN DE
VITICULTURA E
ENOLOXÍA
DE GALICIA



O CULTIVO DA VIDE EN GALICIA.

TRADICIÓN E ACTUALIDADE

Orografía e clima determinantes no viñado galego

Galicia está situada no noroeste da Península Ibérica, no sudoccidente europeo, entre as latitudes 43° 47' N e 41° 49' N e as lonxitudes 6° 42' O e 9° 18' O. Esta rexión está bañada polo mar Cantábrico ao norte e polo Océano Atlántico ao

oeste; próxima ás súas costas ascende a corrente do golfo cara ao norte de Europa, o que tempera o clima. A influencia marítima maniféstase por un réxime de precipitacións elevado que se vai matizando ao avanzar cara ao interior, onde se alcanza a altitude máxima de 2.124 m no cumio de Pena Trevinca.

15




Figura 1. Asentamento dos viñedos en Galicia durante a Idade Media segundo Huetz de Lempis (1967), elaborado a partir da documentación existente nos mosteiros e catedrais, e distribución das zonas produtoras na actualidade catalogadas baixo a denominación de orixe ou a indicación xeográfica.

As referencias máis antigas do cultivo da vide en Galicia remóntanse aos romanos (Huetz de Lemp, 1967), pero foi na Idade Media cando, a partir da reconquista, se producen as plantacións nas zonas onde atopamos hoxe o seu cultivo. A época máis antiga corresponde ao ano 760, que é cando, despois da reconquista, se comeza a plantación de viñedos en Lugo. Debido á dificultade de produción nesta zona, outórgaselle á catedral de Lugo a plantación de viñedos en Ribadavia.

Se temos en conta os datos achegados por Huetz de Lemp (1967), a grande eclosión nas plantacións de viñedo prodúcese no século XIII (figura 1).

As viñas medievais e da Idade Moderna estiveron diseminadas polos vales abrigados de cota media e baixa en gran parte do territorio. Tras a chegada das pestes americanas a partir de mediados do século XIX, houbo unha gran redución da superficie, de tal xeito que a viticultura actual se sitúa principalmente na metade sur galega, coa excepción das terras de Betanzos e o val do Navia. A mellora das comunicacións e a especialización vitícola nas zonas máis favorables para o cultivo tamén levaron á desaparición do viñedo en zonas como o val de Lourenzá, importante no seu momento por abastecer o mosteiro de Mondoñedo (Huetz de Lemp, 1967).

A superficie actual que ocupa a viña en Galicia é dunhas 33.624 ha, extensión moderada pero que non por iso deixa de ter características diversas. Son significativos os contrastes existentes entre os viñedos aínda que ás veces só estean distantes entre si uns poucos quilómetros. Estes contrastes veñen determinados polas orografía e as paisaxes que os circundan, polo grao de atomización da propiedade, polas diferentes maneiras en que se acondicionaron as terras para a súa instalación e tamén polas peculiaridades das xeometrías vitícolas predominantes en cada zona.

En Galicia existen solos de substratos graníticos variados, xistos e lousas menos evolucionadas, e sedimentarios, mesmo se observan intrusionés



Figura 2. Viñedo en chaira (DO Ribeiro).

calcarias na franxa limítrofe oriental. Os solos habitualmente presentan pH ácido e textura franca. Sobre estes aséntanse a maior parte dos viñedos. Tamén se atopan en zonas arxilosas no interior e areosas no occidente.

Nuns viñedos a pedregosidade é elevada, e neles, en tempos pasados, os viticultores foron extraendo o material para construír os muros dos socialcos ou os peches da propiedade. Noutros, pola súa natureza ou debido á súa retirada secular, a pedra escasea. Os viñedos sobre cantos rodados aparecen nalgúns zonas, pero é talvez en Valdeorras onde os terreos de orixe aluvial ocupan máis extensión.

A diversidade orográfica trae como consecuencia que se poidan atopar viñas asentadas en terreos practicamente chairos (figura 2), outras sobre suaves outeiros, pero tamén en empinadas encostas. É a denominada “viticultura heroica” (figura 3).

Ao falar das encostas sobre as cales foron instalados os viñedos, observamos que unhas veces as cepas plantáronse respectando a pendente natural do terreo (figura 4), aínda que fose bastante pronunciada (Val do Navia, Ribeiras de Vilardevós, Terras de Betanzos, parte de Valdeorras, etc.); outras, esta pendente foi rectificadas mediante a construción de terrazos ou bancais (maioritariamente denominados socialcos) (figura 5). As



Figura 3. Viñedos en forte pendente ou viticultura heroica (DO Ribeira Sacra).

dimensións destes socalcos varían bastante tanto ao ancho coma en altura: dende os moi estreitos, con capacidade para soamente unha ou dúas filas de cepas (Amandi e outras localizacións na Ribeira Sacra) ata os máis amplos, con capacidade para maior número de filas (común nas comarcas do Ribeiro, A Baixa Limia e algunhas terras do Condado, etc.).

A influencia marítima matiza os mesoclimas vitícolas galegos. Esta influencia é máxima nas plantacións máis litorais da DO Rías Baixas e nos restantes viñedos da fachada atlántica de Pontevedra e sur da Coruña, en Terras de Betanzos e en residuos do norte Cantábrico; diminúe nas zonas de transición (Ribeiro, Baixa Limia e Alto Navia) e redúcese aínda máis nas DD.OO. de Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei, onde se van acentuando as influencias continentais e mediterráneas canto máis nos desprazamos cara ao oriente.

Como exemplo desta influencia pódese citar o número de tratamentos fungicidas que se aplican por campaña, que oscilan entre 7-12 nas zonas de maior influencia marítima e entre 2-5 nas zonas máis interiores situadas nas encostas ben ventiladas.



Figura 4. Viñedo establecido aproveitando a pendente do terreo na indicación xeográfica Terra de Betanzos.



Figura 5. Viñedo establecido en socalcos (DO Ribeira Sacra).

Os asentamentos das viñas históricas no territorio galego fóronse delimitando en función das aptitudes agronómicas dos terreos, evitáronse os solos demasiado húmidos ou fértiles que eran reservados para outros cultivos, e en consonancia buscáronse pagos protexidos fronte á acción daqueles axentes meteorolóxicos capaces de comprometer o desenvolvemento vexetativo e, polo tanto, a cantidade e calidade da colleita.

As xeadas da primavera poden danar gravemente os novos pámpanos cos seus acios e arruinar a campaña. Canto menor é a influencia reguladora do océano, maior é o risco de xeadas. Non obstante, os mesoclimas son os determinantes na intensidade deste accidente, xa que é normal que en viñas situadas en encostas ben resgardadas do norte o risco de xeadas sexa pequeno, mentres que noutras de exposición aberta, aínda que estean moi preto das anteriores, o perigo pode chegar a ser moito maior.

Os terreos ben resgardados dos ventos do norte son sempre os mellores, xa que as zonas onde existe o risco de xeadas están protexidas destes. Noutros pagos onde este risco é menor, unha boa protección do norte tamén vai ser útil, xa que minora os efectos dos ventos fríos, a miúdo acompañados de choiva fría, que xorden na etapa da floración ou na etapa da formación dos bagos do acio e que se persisten chegan a facer tanto dano á colleita como unha forte xeadas.

Na franxa costeira os maiores limitantes para a viticultura son o exceso de humidade durante o período de vexetación e a excesiva apertura ao norte-noroeste de certos pagos. No interior son as altitudes excesivas e a desprotección dos ventos do norte os factores negativos que cómpre ter en conta. No fondo dos vales acumúlanse o frío e a humidade, e ademais adoitan ser solos demasiado fértiles, por iso, agás excepcións que sempre poden existir, non

son recomendables en Galicia para implantar viñedos de calidade.

Os encoros interiores, instalados principalmente nas bacías do Miño e do Sil, teñen o efecto pernicioso de elevar a humidade relativa, pero como contrapartida exercen certa acción amortecedora dos fríos e diminúen o risco das xeadas na primavera.

Os prexuízos dun clima húmido, con abundantes chuvias finas e brétemas ao longo do período de vexetación, fixéronse letais tras a aparición do oídio a mediados do século XIX, con tanta forza que causaron a desaparición da *Vitis vinifera* en amplas zonas da franxa costeira. Así, a viticultura galega da cornixa cantábrica, agás a presenza testemuñal dalgún que outro individuo illado, quedou varrida e decimada no resto do territorio. Esta catástrofe propiciou a posterior plantación masiva dos Híbridos Produtores Directos (HPD), principalmente na costa atlántica e tamén nalgunhas rexións marxinais cara ao interior. Nas viñas interiores o que máis houbo foi a substitución de videiras autóctonas por foráneas.

Os asentamentos históricos da viña galega, tanto nos lugares onde continuou o seu cultivo



Figura 6. Distribución minifundista do viñado galego (DO Ribeiro).

coma onde foi abandonado tras a entrada do oídio, foron en outeiro ou encosta, sempre protexidos do norte. Como excepción, no interior encóntranse indicios de antigos viñedos con exposición norte, e non se sabe se é pola existencia de períodos pasados de climas cálidos ou simplemente por unha maior demanda de viño (de calquera forma, apréciase que estaban en costas que enfrente tiñan outras montañas que os protexían do norte).

A propiedade das terras dedicada a viña na maior parte da Comunidade galega é minifundista e fraccionada, ao igual que os restantes terreos agrarios (figura 6). Non obstante, nos últimos anos xurdiron explotacións vitícolas de dimensións maiores, sobre todo nas Rías Baixas, onde o terreo foi obtido pola compra ou establecemento de acordos cos propietarios dos terreos das casas señoriais e reitorais, ou ben por aluguer a copropietarios de montes veciñais en man común. Este último sistema tamén foi levado a cabo pola Cooperativa Pazo Ribeiro (figura 7). Os procesos de concentración parcelaria que se están desenvolvendo en Monterrei, Ribeiras do Ulla, Baixo Miño, e máis recentemente no Ribeiro e outros lugares, están contribuíndo a que cambie esta situación minifundista.

A expansión da filoxera, a emigración e o abandono das zonas agrícolas, coa consecuente escaseza de man de obra especializada, produciron unha falta de aprecio polos viños de calidade, un descenso das viñas das encostas aos vales e a substitución das viníferas locais por foráneas e HPD, de menos calidade pero máis produtivas. Ademais, as plantacións comezaronse a deseñar máis para facilitar a mecanización que por razóns agronómicas.

Actualmente esta tendencia inverteuse, tanto no tocante a recuperar as variedades autóctonas coma no tocante ás localizacións históricas dos bos viñedos.

Xeometría da viña e arquitectura da planta

As diferenzas existentes entre diversos aspectos dos viñedos galegos, unhas veces son de fondo, tan manifestas que se aprecian a simple vista por calquera neófito (por exemplo, entre unha viña en vaso e outra en emparrado); e noutras ocasións son unicamente de matices.

Comezando polas diferenzas de fondo, apréciase que en Galicia existen dous grandes troncos de cultura ou arquitectura vitícola.

O primeiro, que é o que está estendido pola maioría do territorio, é o denominado de tipo grego (figura 8). A súa característica principal consiste en que os viñedos están plantados a unha densidade bastante alta, entre 5.000-10.000 cepas por ha e presentan un esqueleto de desenvolvemento contido, condicionado pola densidade, o mesoclima e a fertilidade do solo. Polo xeral, só as viñas vellas dalgunhas zonas superan amplamente o metro de altura debido aos sucesivos alongamentos ocasionados por algúns estilos de poda anual.

O segundo tronco, presente principalmente na provincia de Pontevedra e no sur da Coruña, é dicir, dentro do que é o suroeste galego, trátase dunha viticultura na que os exemplares alcanzan un gran porte. É o que vén sendo definido por algúns autores como de tipo etrusco ou



Figura 7. Establecemento dun viñado en monte veciñal en man común (DO Ribeiro).

celta (figura 9). Aquí as densidades son baixas, arredor das 1.000 plantas por ha ou ás veces menos. Debido ao gran desenvolvemento do seu esqueleto, as plantas precisan ser sostidas por grandes titores ou por unha armazón, e dan lugar ás parras horizontais e inclinadas.

Non obstante, os avatares históricos que deron lugar á presenza destes dous tipos de viticultura tan opostos entre si e que chegaron ata os nosos días aínda non están claros de todo.

Unha das teorías, talvez a máis difundida, atribúe a orixe desta diferenciación ao feito da colonización romana. Os lexionarios que se foron asentando por diversas partes do territorio, segundo cal fora a súa zona de procedencia, transmitirían o tipo de viticultura que se practicaba nas súas terras de orixe. Así, os que viñan do norte da Península Itálica ensinarían aos nativos a viticultura etrusca, mentres que os do centro-sur, a viticultura grega.

Outra posibilidade é que os monxes das ordes relixiosas, que construíron mosteiros en tantas comarcas galegas durante a Idade Media, achegasen os costumes vitícolas das súas rexións nativas en Centroeuropa.

A orixe de moitos emparrados tamén pode estar en razóns de simple supervivencia, pola necesidade de estruturas altas para facer compatible o cultivo da vide coas plantacións de millo, patacas e outras especies anuais que eran indispensables para alimentar as persoas e o gando nunha sociedade rural onde rexía o autoconsumo. Aínda hoxe é bastante habitual ver parrais estendidos polas beiras das parcelas dedicadas a cultivos herbáceos, hortos ou pradeiras.

Non obstante, a similitude das pérgolas do norte de Italia coas tradicionais parras inclinadas de varias localizacións do Condado do Tea e outras zonas parece dar indicios de que nalgunha época pasada houbo transmisión de culturas vitícolas entre rexións moi afastadas entre si.

Curiosamente, a distribución xeográfica da arquitectura vitícola, leste e oeste, correspónden-se coa distribución xeográfica das dúas liñaxes

xenéticas descubertas en Galicia, a primeira e a máis importante con Caño Bravo coa súa orixe no oeste; e a segunda, con Merenzao coa súa orixe no leste (Díaz-Losada *et al.*, 2010). A diferenciación xenética entre estas dúas liñaxes pode remontarse ás diferentes orixes das culturas que influíron na instalación do viñado. No caso de Merenzao, sinónimo de Trousseau procedente da rexión de Jura de Francia, explicaría a diferente fisionomía dos viñedos do leste de Galicia.

Sexan cales fosen as orixes, o certo é que as dúas realidadeas están aí e contribúen a enriquecer as paisaxes e a cultura vitícola galega.

Viticultura de tipo grego

A viticultura de tipo grego implantouse nas zonas costeiras do norte, consérvase ata hoxe en Betanzos e está practicamente extinta en Ferrolterra, Ortegal e no cantábrico galego tras a irrupción do oídio a mediados do XIX. Tamén a atopamos nas comarcas de transición (Baixa Limia, Navia e Ribeiro) e en todo o interior do territorio (Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei).

Ao comparar entre si as zonas galegas que teñen viticulturas de tipo grego é cando se aprecia un maior número de matices diferenciadores.

En Monterrei e na bacía do Navia (para as variedades tintas) a formación tradicional é o vaso clásico, no que o tronco das cepas se subdivide en tres-cinco brazos, os cales levan soamente cotóns (figura 10).

En Valdeorras, segundo o vigor da cepa, en todos ou algúns dos brazos que conforman o vaso déixase, ademais do correspondente cotón, unha vara curta que non se ata e que se chama “palleta”. A cepa, cando é necesario, súxéitase cunha estaca.

Noutras zonas da bacía do Sil, na subzona de Amandi e na ribeira ourensá da Teixeira, así como noutros lugares das proximidades, a formación é en esqueleto de vaso tradicional, pero coa modificación de que nun dos seus



Figura 8. Estrutura do viñado tipo grego.



Figura 9. Estrutura dun viñado de tipo etrusco.



Figura 10. Formación en vaso (DO Monterrei).

brazos se fai a poda a cotón e a vara (figura 11). Ao revés que no sistema guyot, aquí o cotón déixano por enriba da vara e non por debaixo. As varas elixidas quedan tal cal, sen despuntar, e arquéanse atándoas a unha estaca ou simplemente suxeitándoas cunha pedra aos muros dos socalcos, e vanse rotando a un brazo distinto do vaso na poda de cada campaña. Tamén se deixan algunhas varas nos vasos da bacía do Navia cando se trata de plantacións da variedade Branca do País (Branco Lexítimo).

No Ribeiro e a área de influencia circundante, que polo leste chega ata o occidente da Ribeira Sacra, así como en terras de Betanzos e da Baixa Limia, o vaso clásico sofre bastantes modificacións. Adoita ser algo máis alto, de un a tres brazos segundo as zonas (figura 12). O tronco suxéitase a unha rodriga e os cotóns do vaso tradicional son substituídos por varas que son arqueadas fortemente e atadas a outros titores que circundan o central. Dependendo dos costumes, na poda invernal pode deixarse habitualmente, ou só cando é imprescindible para retraer a cepa (figura 13), un cotón detrás da vara.



Figura 11. Formación en vaso, cun dos seus brazos podado a cotón e a vara longa (DO Ribeira Sacra).



Figura 12. Viñedo en vaso alto.



Figura 13. Vaso tradicional da comarca do Ribeiro.



Figura 14. Formación típica en cabeza de vimbieira da meseta de Monforte de Lemos.



Figura 15. Formación da cepa típica do Val de Quiroga.

Na meseta de Lemos, as cepas de porte baixo pódanse en cabeza de vimbieira, pero déixase unha vara que se ata a unha estaca ou se estende por un único arame (figura 14).

En terras do Val de Quiroga, nalgúns locais de terra fértil, o tronco da cepa retórcese durante o período de formación ata facer case un nó, con isto búscase o retardo do movemento do zume da planta e un menor vigor (figura 15).

Viticultura de tipo etrusco

A viticultura etrusca concéntrase nun territorio que coincide aproximadamente coa metade

occidental do cuadrante suroeste de Galicia. Esténdese pola franxa costeira, dende a ría de Noia ata a fronteira portuguesa, e continúa cara ao sur na rexión dos Vinhos Verdes.

Este tipo de viticultura de emparrado tamén se estende dende o litoral polas bacías dos ríos, e é no Ulla e no Miño onde penetra máis terra adentro.

As parras antigas estaban formadas por unha armazón de paus e canas, sostida por columnas de pedra chamadas perpiaños. A situación das parras respecto ao chan é variable, e unha das causas foi a forza con que os ventos afectaban cada lugar. Así, en viñedos atlánticos galegos e do



Figura 16. Viñedo en emparrado sobre dunas (Donón-Pontevedra).



Figura 17. Emparrado da Ribeira do Ulla (DO Rías Baixas).

norte de Portugal, que están situados en terreos desprotexidos e moi próximos ao mar, aínda é posible encontrar emparrados moi baixos, arredor do metro de altura (figura 16). Non obstante, na gran maioría, por estar máis resgardados, e para fuxir dos efectos nocivos da humidade do solo ou ben para facer factible a combinación con

cultivos anuais, as parras eleváronse a unha altura próxima aos dous metros (figura 17). As parras inclinadas son moi variadas en deseño, aínda que adoitan comezar o plano da armazón a unha altura arredor do metro e medio, e poden chegar ata uns dous metros na fronte.

O esqueleto das vides formadas para a parrá consta dun tronco vertical do que parten un ou varios brazos principais, ao longo dos cales á súa vez se poden distribuír, ou non, cara aos lados uns sub-brazos secundarios (figuras 18 e 19). As podas invernales das parras sempre se viñeron facendo deixando varas (agás as podas curtas en exemplares decrépitos), que se estenden sobre unha armazón e se atan. Polo xeral, fórzanse



Figura 18. Estrutura en T do emparrado.



Figura 19. Estrutura en horizontal do emparrado.



Figura 20. Viñedo de parras inclinadas construído na beira dunha leira.



Figura 21. Parra de sombra ao pé das casas na DO Ribeiro.



Figura 22. Viñedo en espaleira.

con algo de arqueado, e déixanse atrás, ou non, segundo os hábitos locais, os correspondentes cotóns.

A forma das parras nas beiras das leiras tamén é diversa, varían entre horizontais e inclinadas, unhas de tronco alto e outras que parten case a rentes do chan desde a mesma beira, apoiándose a armazón sobre columnas erixidas dende un socalco inferior (figura 20).

Non obstante, o repartimento por territorios dos dous grandes troncos de viticultura non sempre está delimitado por unhas liñas nítidas.

Así, nas Rías Baixas, no Salnés e nas zonas anexas onde predominan as parras, non é infrecuente ver anexas a elas algunhas que outras plantacións de variedades tintas formadas en vaso. Na bacía do Navia e na Baixa Limia, onde está presente a viticultura grega, tamén existen os emparrados de bordura.

A viticultura etrusca redúcese a mínimos ou desaparece totalmente nas restantes comarcas de viticultura grega, coa excepción da presenza de parras de sombreo nos patios das vivendas e nas rúas das vellas aldeas (figura 21).

As armazóns de paus en plano vertical que ás veces xorden á vista en viñas moi antigas, e tamén nalgunhas viticulturas de bordura, non se sabe moi ben se son precursoras das espaleiras actuais ou, pola contra, se trata de imitacións destas.

Das viticulturas primitivas, que poderíamos definir como pre-etruscas, nas que os titores vivos son aproveitados para conducir as vides (como os “enforcados” do noroeste portugués e formas similares de Italia, Romanía e outros países centroeuropeos), pouco queda xa en Galicia, como non sexa algún que outro “bioqueiro” en terras de Betanzos. Hai quen di que estas formacións son igualmente consecuencia da chegada dos romanos (como unha forma etrusca máis), quen traerían ademais olmos e outras especies arbóreas ben adaptadas para servir de titores vivos.

Situación actual

A revolución tecnolóxica, a despoboación do campo e, finalmente, a busca duns labores e atencións á viña máis levadeiros e rápidos de realizar, conduciron a bastantes innovacións e modificacións nas novas plantacións con respecto á viticultura tradicional.

En todas as zonas de viticultura grega a primeira modificación que se aprecia é a substitución da arquitectura tridimensional da cepa por unha nova disposición en plano vertical, é dicir, o seu pregamento a unha armazón vertical de postes e arames, comunmente chamada espaleira (figura 22).

As espaleiras significaron transformacións nos sistemas de conducción. Nas comarcas vitícolas nas que o sistema de conducción era o vaso tradicional foise pasando a cordón royat ou a bilateral. Onde había tradición de vasos modificados, con presenza de varas, pasouse ao arqueado simple ou bilateral, ou ben ao guyot simple ou bilateral.

Entre principios e mediados do século XX, nas plantacións aramadas ou ben naquelas outras nas cales a mecanización con tractor convencional é imposible, como ocorre nos socalcos estreitos de moitas viñas da Ribeira Sacra, fíxose a adaptación á estacada de arames pero respectando os marcos de plantación ancestrais.

No entanto, na maior parte das viñas establecidas a partir do cuarto final do século pasado, as filas foron ensanchadas para permitir o paso do tractor convencional, aínda que deixando a medida antiga ou mesmo reducindo a distancia intercepas dentro da liña.

A mecanización foi de grande axuda porque en moitos casos supuxo unha inestimable mellora na dignificación e simplificación dos traballos do viticultor.

Cando a única xustificación dos cambios ao respecto da xeometría tradicional estivo en mudar a marcos de plantación que permitan a maior comodidade de uso da maquinaria convencional, deixando atrás os criterios de optimización bio-

lóxica do cultivo para obter un produto de calidade, o resultado non sempre foi positivo.

A innovación, que favorece unha saída ao mercado de tractores de menor tamaño para a mesma potencia, talvez permita un achegamento futuro á xeometría tradicional da viña, que á fin e ao cabo é a que achega maior equilibrio e calidade.

Nas comarcas de viticultura etrusca, con plantas de gran desenvolvemento e pola propia xeometría dos emparrados, as modificacións en pro da mecanización foron de menor calado. Simplemente se fixeron cambios por materiais máis modernos para a suxeición, coa introdución de arames, viguetas e postes de formigón e, cando foi preciso, pequenas alteracións nos marcos de plantación e na altura das armazóns para poder circular máis comodamente coa maquinaria.

Nalgunhas subzonas das Rías Baixas foi introducida a cortina simple descendente e tamén houbo intentos de cultivo en espaleira ascendente. Salvo unhas poucas excepcións, a espaleira foi mal por unha errada concepción da xeometría vitícola. Así pois, a parra continúa sendo o sistema de formación predominante nesta DO, tanto nas plantacións tradicionais coma nas novas.

O complexo varietal e a súa incidencia na calidade dos viños galegos

O proceso de recollida das vides silvestres dende os bosques para plantalas e cultivalas en terras abertas seguramente foi diferente en cada lugar. Aínda que non ás velocidades do que agora se chama globalización, si que debeu haber proveitosos intercambios (tamén no referente á cultura vitícola) nas épocas prehistóricas.

Posiblemente nos tempos pre-romanos xa deberon existir algunhas formas de viticultura, así atopamos variedades coincidentes ou emparentadas entre si e que, no entanto, están distribuídas nun amplo territorio, que actualmente está dividido en distintas comunidades autónomas ou distritos e repartido en dous estados. Este

ámbito xeográfico correspóndese co que os romanos denominaron *Gallaecia*.

Isto parece corroborar que entre os seus poboadores existiu unha intercomunicación moi activa. Comunicación que non foi pechada, senón que estivo aberta a outros pobos do exterior cos que se estableceu contacto por terra e por mar. Os comerciantes fenicios chegaron ao noso país e, segundo algúns historiadores, construíron o porto de Bares, no extremo norte galego. Os gregos viñeron tamén a comerciar. Eran contactos comerciais dos habitantes da *Gallaecia* con diversos pobos peninsulares de máis ao leste e cos lusitanos polo sur. Estes, á súa vez, facían intercambios con outras civilizacións, algunhas moi evolucionadas e abertas como a dos tartesos.

Aínda hoxe se discute se o maior desenvolvemento da viticultura galega histórica tivo lugar coa chegada dos romanos ou máis tarde, no medioevo.

Os romanos, coa súa boa estrutura organizativa, é moi probable que fixeran aproveitamento do que lles pareceu útil da hipotética viticultura que encontraron na *Gallaecia*. Ademais tamén traerían variedades novas e serían transmisores doutras culturas vitícolas recollidas polos amplos territorios do imperio.

Houbo unha especie de fervor medievalista nas décadas de finais do século XX, que chegou mesmo a identificar certas variedades ancestrais, que están implantadas en distintas comarcas do que foi a *Gallaecia*, coas súas correspondentes francesas e/ou alemás, o cal nin por ampelografía nin por estudo xenético resultou ser certo, como foi o caso do Albariño co Riesling, ou o do Mencía co Cabernet Franc.

Se nos guiamos polas variedades que clasificaríamos como autóctonas, ou polo menos ancestrais do antigo territorio, entendendo por tales as que se sabe que estaban instaladas antes da chegada das pestes americanas a partir de mediados do século XIX, moi poucas delas están presentes en Centroeuropa e na Península Itálica. Respecto ás

variedades como Agudelo, Bastardo ou Merenzao, son os estudos xenéticos os que poden achegar luces sobre o sentido das migracións. Como sinalamos anteriormente, recentemente puidose demostrar a conexión entre o cultivar francés Trousseau, sinónimo Merenzao, cos cultivares galegos: Mouratón, Caíño Gordo e, o máis importante actualmente, Mencía (Díaz-Losada *et al.*, 2010). Moscatel de Bago Miúdo, variedade presente en toda Europa, podería ter a súa orixe en territorios que foron o berce dos demais moscateis.

Vitis sylvestris primitivas, logo *Vitis vinifera*, cultivadas e/ou asilvestradas, fose cal fose a proporción de vides que dende moi antigo se encontraban dispersas polo territorio da *Gallaecia* e que con maior ou menor grao de evolución por mutacións e/ou cruzamentos con outros cultivares hipoteticamente chegados máis tarde dende outras terras, na época romana ou medieval, resultaron ser a base do xenoma das cepas que consideramos autóctonas e que afortunadamente chegaron ata os nosos días.

A pesar dos avatares da historia voces como Verdello (tamén se dicía “Pardal” no Ribeiro), “Treiadadura”, “Terrantés” e Albariño, entre as variedades de uva branca; “Albarelo” (Brancellao), Mouratón, Caíño Rubio e Tinta Femia, entre as de uva tinta, aínda que lixeiramente modificadas, mantéñense na actualidade. Noutras é difícil determinar se realmente existen baixo distinta denominación ou se xa se produciu a súa extinción. Por nomear algunha delas, entre as brancas, “Ouviaña”, cultivada no Salnés; e entre as tintas, “Castellana” (tamén chamada “Ulloa”), “Caíño Arnoes” (posiblemente o actual Sousón ou “Pazao” como se coñece na DO Ribeiro), “Carnaz” (que pode responder ao actual Merenzao) e “Nobal” (antigamente cultivada nas ribeiras do Miño).

Pero é a sabedoría do viticultor a que transmitiu dunha xeración a outra as denominacións que actualmente podemos considerar como autóctonas ou de cultivo ancestral. Baixo máis dun centenar de denominacións distintas considérase que está composto o complexo varietal da rexión galega.

Aínda que os avances científicos permitiron demostrar que unha denominación pode enmascarar a distintos xenotipos ou que un mesmo xenotipo pode recibir distintos nomes, Galicia segue sendo unha rexión cun amplo patrimonio varietal.

A viticultura galega, en calquera das súas zonas, é capaz de achegar viño de excelente calidade. Os máis coñecidos na actualidade dentro dos viños brancos, os das Rías Baixas, cuxo protagonista é o Albariño; os do Ribeiro, baseados na Treixadura, e os das restantes denominacións, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei, en cuxos brancos predomina o Godello. Novas demarcacións cualificadas como Viños da Terra están a comezar a dar mostras da súa valía co Branco Lexítimo e outras variedades.

O que si continúa é a discusión, común a todas as viticulturas do mundo, de se é mellor elaborar mono ou multivarietais, o cal á fin e ao cabo dependerá do gusto de cada un e das modas.

Na subzona do Salnés, dentro da DO Rías Baixas, adóitase facer viños monovarietais con Albariño; mentres que no Condado, O Rosal e O Ulla admítase a mestura con outras autóctonas, como son Loureira, Caíño Branco, Treixadura, etc.

A DO Ribeiro sempre foi, tanto en brancos coma en tintos, zona de vinificación con mestura de variedades, con predominio de Treixadura, e como secundarios, Torrontés, Godello, Loureira, Lado, Albariño, etc.

A Ribeira Sacra ten a peculiaridade de estenderse dende unha zona con claras influencias do Ribeiro cara ao leste, onde se nota a proximidade de Valdeorras, sendo, ao parecer e dende sempre, a variedade branca básica o Godello, que nas súas elaboracións víñase acompañando das restantes variedades autóctonas presentes en cada subzona.

En Valdeorras elabóranse excelentes mono varietais de Godello, que ás veces se acompañan con Dona Branca.

En Monterrei a variedade básica segue sendo o Godello, que alí recibe o nome de Verdello, a cal

unhas veces se elabora soa, outras acompáñase con Dona Branca e, ocasionalmente, de Treixadura.

Fóra do que son as denominacións, é certo que hai zonas marxinais sen interese, pero non por iso son menos importantes. Hai pagos de distintas comarcas que posúen microclimas aptos para unha boa viticultura, ás veces con algunhas variedades ancestrais propias, e que por illamento, pouca extensión ou razóns diversas foron quedando relegadas na rutina e ao abandono institucional.

Son exemplo disto as viñas sobre as dunas de Donón, as da Baixa Limia e as das ribeiras galegas do Navia. As viñas de Vilardevós foron recentemente incluídas na DO Monterrei. Outras do occidente de Ourense, de Betanzos e do Barbanza acaban de entrar na categoría de Viños da Terra.

As tintas autóctonas tras a crise floxérica sufriron un varrido aínda máis intenso que as variedades brancas. A día de hoxe, bastantes destas variedades teñen só presenza testemuñal, con individuos moi escasos e dispersos en zonas marxinais ou perdidas entre as cepas foráneas en viñas moi vellas, polo que moitas das súas calidades aínda están por descubrir.

As variedades autóctonas ou vellas ancestrais, entendendo como tales aquelas das que hai referencias históricas ou ben das que se encontraron individuos bi ou tricentenarios, son abundantes, aínda que dalgunhas unicamente quedan cepas illadas e, por esta mesma razón, hai que esperar a coñecer o seu comportamento vitícola-enolóxico.

Por describir algunhas, o Brancellao presenta un bo equilibrio grao-acidez, pero queda algo curta de cor se se fai con esta variedade viticultura de alta produción e, máis aínda, se nesas condicións se pretende realizar crianza.

O grupo dos Caíños presenta, xeralmente, aromas froiteiros e florais moi finos, e algo máis de capa, pero poden quedar moi ácidos se non maduran ben.

Sousón e Ferrón dan lugar a viños con boa capa, e por este motivo nalgunhas denominacións elaborábanse mesturadas con outras variedades que, sendo moi finas, quedaban máis curtas de cor (Brancellao, Castañal, Pedral, algúns do grupo dos Cañños, etc.).

Merenzao ou Bastardo é unha variedade moi antiga, orixinaria de Francia, onde se coñece co nome de Trousseau. Produce viños de alto grao alcohólico pero adoita quedar escasa en capa, polo que, salvo en situacións especiais, o seu interese parece destinado á súa contribución en mesturas.

O mundo dos tintos galegos foi evolucionando, ao igual que nas outras viticulturas, en función do que os consumidores viñan pedindo en cada momento.

A introdución masiva de Alicante Bouschet e doutras tintureiras, en menor proporción, así como dos HPD, dos que nin por tecnoloxía nin por lei se poden obter grandes viños, máxime en circunstancias onde o que máis importaba era a produción alta, unido iso a vinificacións ilegais de tintas HPD, deu lugar a unha mala fama dos tintos galegos, xustificada dende logo por empregar estes ingredientes.

Mencía e Tempranillo contribuíron tamén á historia dos tintos galegos. O Mencía está presente principalmente nos viñedos do interior,

con rendementos axeitados. Para crianzas é de interese mesturala con autóctonas equilibradas e de maior capa. Tempranillo, tamén introducida dende antigo, está presente en Monterrei, onde recibe o nome de “Arauxa”, e algo menos na Ribeira Sacra e Valdeorras. As elaboracións con esta variedade deron excelentes resultados, o seu inconveniente é que se se elabora soa os viños resultantes son moi xeneralizados.

Para concluír, a sorte das nosas viticulturas é a diversidade, que, con bo criterio, pode dar lugar a múltiples viños brancos e tintos, do ano e de crianza, persoais e de altura.

Ese respecto á sabedoría tradicional, o aproveitamento dos coñecementos actuais e a consideración dos tipos de viño que demandan os consumidores dos nosos tempos deben ser as pautas que cómpre seguir para mellorar a viticultura galega.

Así, calquera iniciativa ou modificación por pequena que sexa, para mellorar a calidade e abaratar os custos, serán positivas.

Ademais todos aqueles estudos e accións que contribúan a mellorar a calidade da uva na vendima e requiran un mínimo de intervencións enolóxicas posteriores axudarán ao prestixio dos nosos viños.

A COLECCIÓN DE VIDES DA ESTACIÓN DE VITICULTURA E ENOLOXÍA DE GALICIA

Os bancos de xermoplasma da vide inícianse en Europa a finais do século XIX como medida de conservación da diversidade xenética que estaba a punto de perderse a consecuencia da acción devastadora da filoxera e á incidencia das afeccións fúnxicas a mediados do devandito século.

A conservación e identificación de variedades autóctonas da vide en Europa, e tamén en España, realizábase en coleccións *ex situ*, xa que nunha época inicial non existía a conciencia de conservación que hai actualmente. Xeráronse así bancos de xermoplasma con renome mundial, entre outros, o banco de VASAL en Francia, que alberga máis de 3700 variedades de vide; e non menos importante é a Colección de vide de El Encín (IMIDRA, Madrid), fundada no ano 1914.

As dificultades de mantemento das grandes coleccións internacionais determinou a creación de coleccións rexionais que permitían, ademais dunha maior facilidade de conservación da diversidade xenética, manter as variedades nas súas condicións edafoclimáticas orixinais.

No ano 1987 créase en Galicia a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (sita no Concello de Leiro, provincia de Ourense) como un centro de investigación da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia, que actualmente está integrada no Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL), adscrito á Consellería do Medio Rural. Consta de tres departamentos: viticultura, enoloxía e laboratorio de análise, e asume como misión esencial impulsar o desenvolvemento tecnolóxico do sector vitivinícola galego a través da investigación aplicada, o asesoramento a viticultores e embotelladores e a realización de actividades formativas a todos os niveis. Encóntrase tamén recoñecida como laboratorio de análise para produtos derivados da vide.

O departamento de viticultura dende a súa creación, consciente da erosión xenética á que estaba sometido o viñado galego, xa que as novas plantacións se estaban a realizar con material foráneo, centrouse na constitución dun banco de xermoplasma de variedades de cultivo ancestral. Iníciase así, a finais dos anos 80, a prospección

e recollida de material en zonas tradicionais do cultivo de vide.

É de mencionar o gran labor que realizaron D. José Antonio Yglesias Prieto, primeiro director de EVEGA, e o principal responsable da orixe deste banco; D. Enrique Pérez Fernández e D. Francisco Rego Martínez, este último, actual xefe de sección de viticultura de EVEGA; a eles debemos a recompilación e mantemento do material vexetal que actualmente se conserva. Non menos importante foi e é o labor de D. Ignacio Orriols Fernández, actual director de EVEGA, quen pon o seu empeño en que esta colección se converta no principal banco de xermoplasma de vide en Galicia.

A colección realizouse nunha viña de 1 ha pertencente a EVEGA, onde se enxertaron sobre patrón 196-17C xemas das variedades encontradas, cun marco de plantación de 2 x 1 m, dispostas en espaleira con sistema de formación en cordón unilateral, cun total de 64 filas (figura 23). O número de plantas por accesión é variable en función da variedade. Das variedades maioritarias en Galicia plantáronse filas completas, mentres que das minoritarias a media varía entre 6 a 11 plantas por accesión.

O material vexetal de exemplares desta colección cedese a coleccións presentes en Galicia, unhas de carácter público como a da Misión Biolóxica de Galicia (CSIC), na que se conserva unha pequena representación da variabilidade xenética presente en EVEGA, e algunhas privadas como a que posúe a Adega Algueira na DO Ribeira Sacra.

Tamén se obtivo desta colección material vexetal para establecer campos de ensaio nas propias dependencias de EVEGA e noutras da Consellería do Medio Rural, coa finalidade de estudar o comportamento en distintos sistemas de cultivo de variedades relevantes na produción de viño na rexión.

A colección de EVEGA foi e é a orixe da diversidade xenética que se estivo a xerar nestes últimos anos en viñedos da nosa comunidade, posto que xemas de determinados cultivares minoritarios, non comercializados, foron proporcionadas a viticultores para a plantación de viñas para a obtención de viños diferenciados.

Durante anos realizáronse estudos dalgunhas das variedades presentes no banco, non obstante, as distintas reestruturacións administrativas que



Figura 23. Parcela da colección de vides da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia.

sufriu EVEGA determinaron que os traballos iniciados quedasen relegados ao esquecemento e os esforzos se centrasen exclusivamente no mantemento do terreo.

No ano 2006, grazas ao financiamento dun proxecto de investigación do Instituto Nacional de Investigacións Agrarias (INIA) (Proxecto: RF-2006-00008-C02-01), iniciouse a caracterización da colección e utilizáronse metodoloxías clásicas e máis modernas de identificación e descrición varietal. Contouse coa colaboración do equipo do Dr. Santiago Pereira Lorenzo da Universidade de Santiago de Compostela, que puxo á nosa disposición os seus coñecementos na caracterización molecular das variedades vexetais; e coa do Dr. Félix Cabello de Santamaría do Instituto Madrileño de Investigacións Agrarias (IMIDRA-El Encín), quen nos facilitou as primeiras directrices para realizar a caracterización ampelográfica e a posta a punto das técnicas moleculares.

Na colección encóntranse representadas as principais variedades recoñecidas polos consellos

reguladores das denominacións de orixe como preferentes ou autorizadas para a elaboración dos viños galegos. Os estudos mostraron a existencia de 67 xenotipos diferentes que engloban un total de 274 accesións

O obxectivo desta colección hoxe en día é dobre:

1. Documentar a colección e poñela a disposición das institucións, tanto públicas coma privadas, que poidan estar interesadas no material.
2. Manter a diversidade varietal da vide existente na comunidade para preservar o potencial xenético que poida ser utilizado nun futuro en función dos requirimentos de cada momento.

Non menos importante será a dispoñibilidade deste material conservado en pro da investigación, da formación e da divulgación.

METODOLOXÍA UTILIZADA NA CARACTERIZACIÓN VARIETAL

Os métodos ampelográficos clásicos son aínda hoxe en día os máis útiles na identificación e caracterización das variedades de vide e a base dos descritores internacionais. Baséanse na observación de determinados órganos en épocas concretas do ciclo da vide e requiren numerosas observacións, sobre todo cando se trata de materiais xeneticamente próximos. Por outra parte, a descrición da expresión dos caracteres morfolóxicos pode estar condicionada pola subxectividade do observador; por iso, estes métodos complementáanse con métodos morfométricos de maior precisión e obxectividade que utilizan caracteres cuantificables, sobre todo ángulos e lonxitudes medidos en folla adulta.

Nos últimos anos as técnicas moleculares baseadas na PCR (Reacción en Cadea da Polimerasa) supuxeron un grande avance na identificación varietal. Os marcadores moleculares microsátélites (SSR) son os máis utilizados na diferenciación varietal.

Para a caracterización varietal estudáronse os caracteres recomendados pola OIV (1999), que

seguen as normas da UPOV (Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais) e do IBPGR (*International Board for Plant Genetic Resources*). Analizáronse 56 caracteres que se expoñen a continuación, e indicouse a súa correspondencia, cando existe, cos descritores da UPOV.

A caracterización levouse a cabo para cada unha das accesións presentes na colección, aínda que nos resultados soamente se mostra a notación máis frecuente e que caracteriza a variedade. No pámpano novo, gabiáns e inflorescencias e folla nova durante a floración, describíronse 18 caracteres en 10 órganos por accesión (táboa 1). En 10 acios e 10 bagos en maduración, describíronse 10 caracteres (táboa 2). En 10 follas adultas por accesión, entre o comezo do crecemento dos bagos e o envero, estudáronse 28 caracteres (táboa 3).

A descrición morfolóxica completouse con descritores morfométricos en folla adulta, que se englobaron baixo a epígrafe de caracterización ampelométrica (táboa 4). Os parámetros estuda-

dos foron aqueles considerados por diferentes autores como menos influenciados polo medio e de baixa variabilidade (OIV, 1999; Boursiquot *et al.*, 1987; Cid *et al.*, 1994, 1998). As medicións realizáronse mediante a utilización do software

Image J (<http://rsb.info.nih.gov/ij/>), sobre unha media de 10 follas por accesión, e empregouse folla adulta herborizada procedente do terzo medio de varios pámpanos.

Táboa 1. Caracteres estudados para o pámpano novo, gabiáns e inflorescencias e folla nova durante a floración segundo a OIV e a UPOV.

Carácter	Código OIV	Código UPOV
Forma da extremidade	001	3
Distribución da pigmentación antociánica da extremidade	002	
Intensidade da pigmentación antociánica da extremidade	003	5
Densidade dos pelos tombados da extremidade	004	4
Densidade dos pelos ergueitos da extremidade	005	6
Porte do pámpano	006	10
Cor da cara dorsal dos entrenós	007	11
Cor da cara ventral dos entrenós	008	12
Cor da cara dorsal dos nós	009	13
Cor da cara ventral dos nós	010	14
Densidade dos pelos ergueitos dos nós	011	
Densidade dos pelos ergueitos dos entrenós	012	15
Pigmentación antociánica das xemas	015.1	
Intensidade da pigmentación antociánica das xemas	015.2	
Número de gabiáns consecutivos	016	16
Cor da face da folla nova	051	7
Densidade dos pelos tombados entre os nervios da folla nova	053	8
Densidade dos pelos ergueitos dos nervios principais da folla nova	056	9

Táboa 2. Caracteres avaliados en acios e bago en maduración.

Carácter	Código OIV	Código UPOV
Lonxitude do acio	202	
Compacidade do acio	204	37
Lonxitude do pedúnculo	206	38
Forma do acio	208	
Número de ás do acio primario	209	
Lonxitude do bago	220	
Anchura do bago	221	
Uniformidade do tamaño do bago	222	
Forma do bago	223	40
Cor da epiderme do bago	225	41

Táboa 3. Caracteres estudados na folla adulta, entre o comezo do crecemento dos bagos e o envero.

Carácter	Código OIV	Código UPOV
Tamaño	065	19
Forma do limbo	067	20
Número de lóbulos	068	23
Cor da face	069	
Pigmentación antociánica dos nervios principais da face do limbo	070	31
Pigmentación antociánica dos nervios principais do envés do limbo	071	
Avultamento do limbo	072	
Ondulación do limbo entre os nervios principais e secundarios	073	
Perfil	074	21
Inchazón da face	075	22
Forma dos dentes	076	30
Lonxitude dos dentes en relación á súa anchura na base	078	29
Solapamento do seo peciolar	079	26
Forma da base do seo peciolar	080	
Dentes no seo peciolar	081.1	
Base do seo peciolar limitada pola nervadua	081.2	27
Solapamento dos seos laterais superiores	082	25
Forma da base dos seos laterais superiores	083.1	
Dentes nos seos laterais superiores	083.2	
Densidade dos pelos tombados entre os nervios do envés	084	32
Densidade dos pelos ergueitos entre os nervios do envés	085	
Densidade dos pelos tombados sobre os nervios do envés	086	
Densidade dos pelos ergueitos sobre os nervios do envés	087	33
Peluxe dos nervios principais da face	088	
Peluxe erguida dos nervios principais da face	089	
Densidade dos pelos tombados do pecíolo	090	
Densidade dos pelos ergueitos do pecíolo	091	
Lonxitude do pecíolo en relación ao nervio central	093	34

Táboa 4. Caracteres ampelométricos avaliados na colección de EVEGA.

Carácter ampelométrico
Lonxitude do nervio central (N1)
Lonxitude do nervio principal lateral superior (N2)
Lonxitude do nervio principal lateral inferior (N3)
Lonxitude do nervio secundario inferior (N4)
Lonxitude do nervio terciario inferior (N5)
Distancia do punto peciolar á intersección de N3-N4 (N6)
Distancia do punto peciolar ao seo superior (U)
Distancia do punto peciolar ao seo inferior (O)
Número de dentes entre o extremo N2 e o seu primeiro nervio secundario (ND)
Distancia entre o extremo de N2 e o seu primeiro nervio secundario (PL)
Lonxitude do dente de N1 medido ao punto medio da base (L1)
Lonxitude do dente de N2 medido ao punto medio da base (L2)
Lonxitude do dente de N3 medido ao punto medio da base (L3)
Lonxitude do dente de N4 medido ao punto medio da base (L4)
Anchura do dente de N1 (A1)
Anchura do dente de N2 (A2)
Anchura do dente de N3 (A3)
Anchura do dente de N4 (A4)
Abertura do seo peciolar (SP)
Ancho da folla (AN)
Alto da folla (ALT)
Proxección da distancia entre os extremos N1 e N3 sobre o eixe da folla (L)
Distancia entre os extremos N2 do lado grande e do lado pequeno (IS)
Distancia entre os extremos N3 do lado grande e do lado pequeno (II)
Distancia entre os extremos de N1 e N2 (ENS)
Distancia entre os extremos de N2 e N3 (ENM)
Distancia entre os extremos de N3 e N4 (ENI)
Distancia do punto peciolar ao extremo de N4 (NL)
Distancia entre as bases dos seos superiores (DS1)
Distancia entre a base dos seos inferiores (DS2)
Distancia entre as bases do seo superior e inferior (DS)
Abertura do seo superior (SS)
Abertura do seo inferior (SI)
Ángulo entre N1 e N2 (A)
Ángulo entre N2 e N3 (B)
Ángulo entre N3 e N4 (C)
Ángulo entre N4 e N5 (D)
Ángulo entre N3 e o bordo do seo peciolar (E)
Ángulo entre os extremos de N1 e o seu primeiro nervio secundario (F)
Ángulo entre os extremos de N1 e N2 (AP)

A caracterización molecular baseouse na amplificación de 8 marcadores SSRs: VVS2, VVS5 e VVS29 (Thomas e Scout, 1993); VVMD5 e VVMD7 (Bowers *et al.*, 1996); *ssrVrZAG47*, *ssrVrZAG62* e *ssrVrZAG79* (Sefc *et al.*, 1999).

A partir da folla nova de cada accesión extraeuse e purificouse o ADN mediante a utilización do *DNeasy Plant Mini Kit* de Quiagen. A amplificación realizouse sobre un volume final de reacción de 20µL, seguindo a metodoloxía proposta por Ibáñez *et al.* (2003). A determinación do tamaño dos microsatélites realizouse separando os produtos da PCR nun *3730 DNA Analyzer* (Applied Biosystems) e resoltos mediante o programa *Peak Scanner Software ver. 1.0* (Applied Biosystems, 2006).

Unha vez determinado para cada unha das accesións do banco o número de pares de bases de cada alelo dos distintos *loci* microsatélites, contrastáronse con bases de datos nacionais e internacionais (base de datos da Colección de vide de El Encín, base de datos de vide do ETSIA, base de datos de vide da OEV, *European Vitis Database*; *Grappe Microsatellite Collection*; *Greek Vitis Database*; *Swiss Vitis Microsatellite Database*). Para levar a cabo a comparación con estas bases de datos utilizáronse como referencia dúas variedades que podemos considerar de ámbito internacional, Syrah e Pinot Noir (táboa 6).

Táboa 6. Tamaños alélicos das dúas variedades utilizadas de referencia neste traballo.

	VVS2	VVMD5	VVMD7	<i>ssrVrZAG47</i>	<i>ssrVrZAG62</i>	<i>ssrVrZAG79</i>	VVS29	VVS5
Pinot	130	224	237	161	187	237	169	121
Noir	150	234	241	165	193	243	177	150
Syrah	130	222	237	165	187	243	169	121
	130	228	237	167	193	249	177	121

FICHAS DESCRITIVAS DAS
VARIEDADES DE VIDE



Referencias na colección da EVEGA:
F53P30P40, F58P14P25.

Sinonimias

Non se coñecen.

Antecedentes

Variedade cultivada dende a antigüidade na zona de Betanzos.

Situación actual

O seu cultivo redúcese actualmente á zona de Betanzos. Estudos recentes indican a súa sinonimia con Chenin Blanc.

Valoracións sobre o seu cultivo

Estudos realizados en EVEGA na campaña do 2005 mostran a obtención de viños equilibrados, e considéranos como unha variedade que en condicións axeitadas pode ser utilizada para a elaboración de viños monovarietais ou en mestura con outras variedades.

Descrición morfolóxica

Pámpano novo

O pámpano novo presenta a extremidade aberta con peluxe tombada de densidade baixa e pigmentación reberetada de intensidade moi débil. A cara dorsal dos entrenós e nós é verde. As xemas non presentan pigmentación antociánica.

Folla nova

A folla nova é verde con peluxe tombada de densidade baixa.

Folla adulta

A folla adulta de cor verde media presenta tamaño pequeno e forma pentagonal, con cinco lóbulos; peluda, con densidade baixa de pelos tombados entre os nervios principais do envés do limbo; perfil plano; limbo con avultamento débil; dentes con lados convexos e rectilíneos, de lonxitude curta en relación á súa anchura; seo peciolar semiaberto e coa base en forma de chave; seos laterais superiores abertos coa base en forma de chave; pecíolo lixeiramente máis curto que o nervio principal.

Acio

O acio é cilíndrico, de lonxitude, anchura e compacidade media e con presenza de 1 ou 2 ás. O pedúnculo é de lonxitude curta.

Bago

O bago de cor verde amarela presenta forma elíptica curta.

Caracterización ampelográfica

Código OIV	Carácter OIV	Notación	Nivel de expresión
Pámpano novo			
001	Forma da extremidade	aberta	5
002	Distribución da pigmentación antociánica da extremidade	reberetada	2
003	Intensidade da pigmentación antociánica da extremidade	moi débil	1
004	Densidade dos pelos tombados da extremidade	baixa	3
005	Densidade dos pelos ergueitos da extremidade	nula ou moi baixa	1
006	Porte	semi-ergueito	3
007	Cor da cara dorsal dos entrenós	verde	1
008	Cor da cara ventral dos entrenós	verde	1
009	Cor da cara dorsal dos nós	verde	1
010	Cor da cara ventral dos nós	verde	1
011	Densidade dos pelos ergueitos dos nós	nula ou moi baixa	1
012	Densidade dos pelos ergueitos dos entrenós	nula ou moi baixa	1
015.1	Pigmentación antociánica das xemas	ausente	1
015.2	Intensidade da pigmentación antociánica das xemas	nula ou moi baixa	1
0.16	Número de gabiáns consecutivos	dous	1
Folla nova			
051	Cor da face	verde	1
053	Densidade dos pelos tombados entre os nervios	baixa	3
056	Densidade dos pelos ergueitos dos nervios principais	nula ou moi baixa	1
Folla adulta			
065	Tamaño	pequeno	3
067	Forma do limbo	pentagonal	3
068	Número de lóbulos	cinco	3
069	Cor da face	verde media	5
070	Pigmentación antociánica dos nervios principais da face do limbo	ata a primeira bifurcación	3
071	Pigmentación antociánica dos nervios principais do envés do limbo	ata a primeira bifurcación	3
072	Avultamento do limbo	débil	3
073	Ondulación do limbo entre os nervios principais ou secundarios	ausente	1
074	Perfil	plano	1
075	Inchazón da face	débil	3
076	Forma dos dentes	mestura de lados rectilíneos e convexos	5
078	Lonxitude dos dentes en relación á súa anchura na base	pequenos	3
079	Solapamento do seo peciolar	semi-aberto	2
080	Forma da base do seo peciolar	en chave	2
081.1	Dentes no seo peciolar	ausentes	1
081.2	Base do seo peciolar limitada pola nervadura	non delimitada	1

Código OIV	Carácter OIV	Notación	Nivel de expresión
082	Solapamento dos seos laterais superiores	aberto	1
083.1	Forma da base dos seos laterais superiores	en chave	2
083.2	Dentes nos seos laterais superiores	ausente	1
084	Densidade dos pelos tombados entre os nervios do envés	baixa	3
085	Densidade dos pelos ergueitos entre os nervios do envés	nula ou moi baixa	1
086	Densidade dos pelos tombados sobre os nervios do envés	baixa	3
087	Densidade dos pelos ergueitos sobre os nervios do envés	nula ou moi baixa	1
088	Peluxe dos nervios principais da face	ausentes	1
089	Peluxe ergueita dos nervios principais da face	ausentes	1
090	Densidade dos pelos tombados do pecíolo	nula ou moi baixa	1
091	Densidade dos pelos ergueitos do pecíolo	nula ou moi baixa	1
093	Lonxitude do pecíolo en relación ao nervio central	lixeiramente máis curto	3
Inflorescencia			
151	Sexo da flor	hermafrodita	3
Acio			
202	Lonxitude	media	5
204	Compacidade	media	5
206	Lonxitude do pedúnculo	curta	3
208	Forma	cilíndrica	1
209	Número de ás do acio primario	1 ou 2	2
Bago			
220	Lonxitude	media	5
221	Anchura	media	5
222	Uniformidade do tamaño	uniforme	2
223	Forma	elíptica curta	3
225	Cor da epiderme	verde amarela	1

Caracterización ampelométrica

Carácter ampelométrico	Valor medio (cm)
Lonxitude do nervio central (N1)	9,78
Lonxitude do nervio principal lateral superior (N2)	8,36
Lonxitude do nervio principal lateral inferior (N3)	6,35
Lonxitude do nervio secundario inferior (N4)	4,69
Lonxitude do nervio terciario inferior (N5)	2,68
Distancia do punto peciolar á intersección de N3-N4 (N6)	0,63
Distancia do punto peciolar ao seo superior (U)	5,56
Distancia do punto peciolar ao seo inferior (O)	3,68
Número de dentes entre o extremo N2 e o seu primeiro nervio secundario (ND)	6,00
Distancia entre o extremo de N2 e o seu primeiro nervio secundario (PL)	4,73

Carácter ampelométrico	Valor medio (cm)
Lonxitude do dente de N1 medido ao punto medio da base (L1)	0,49
Lonxitude do dente de N2 medido ao punto medio da base (L2)	0,62
Lonxitude do dente de N3 medido ao punto medio da base (L3)	0,85
Lonxitude do dente de N4 medido ao punto medio da base (L4)	0,88
Anchura do dente de N1 (A1)	1,22
Anchura do dente de N2 (A2)	1,22
Anchura do dente de N3 (A3)	1,53
Anchura do dente de N4 (A4)	0,97
Abertura do seo peciolar (SP)	0,00
Ancho da folla (AN)	14,95
Alto da folla (ALT)	14,88
Proxección da distancia entre os extremos N1 e N3 sobre o eixe da folla (L)	13,84
Distancia entre os extremos N2 do lado grande e do lado pequeno (IS)	13,80
Distancia entre os extremos N3 do lado grande e do lado pequeno (II)	10,96
Distancia entre os extremos de N1 e N2 (ENS)	7,90
Distancia entre os extremos de N2 e N3 (ENM)	8,02
Distancia entre os extremos de N3 e N4 (ENI)	5,04
Distancia do punto peciolar ao extremo de N4 (NL)	5,10
Distancia entre as bases dos seos superiores (DS1)	5,47
Distancia entre a base dos seos inferiores (DS2)	8,45
Distancia entre as bases do seo superior e inferior (DS)	4,65
Abertura do seo superior (SS)	0,49
Abertura do seo inferior (SI)	0,62

Carácter ampelométrico	Valor medio (graos)
Ángulo entre N1 e N2 (A)	58,37
Ángulo entre N2 e N3 (B)	63,65
Ángulo entre N3 e N4 (C)	52,38
Ángulo entre N4 e N5 (D)	31,23
Ángulo entre N3 e o bordo do seo peciolar (E)	67,27
Ángulo entre os extremos de N1 e o seu primeiro nervio secundario (F)	104,74
Ángulo entre os extremos de N1 e N2 (AP)	112,42

Caracterización molecular

Microsatélites	VVS2	VVMD5	VVMD7	ssrVrZAG47	ssrVrZAG62	ssrVrZAG79	VVS29	VVS5
Pb	130	224	237	151	187	245	169	98
	150	228	255	165	193	249	177	150


SUMIDADE




FOLLA NOVA: FACE, ENVÉS



FOLLA ADULTA: FACE




FOLLA ADULTA: ENVÉS



ACIO



BAGO



ALBARÍN BRANCO

Referencias na colección da EVEGA:
F33P01, F38P01, P45P30P35,
F46P02P09, F47P02P16, F48P02P16,
F49P01P34, F51P35P44, F52P12P21.

Sinonimias

Branco Lexítimo en Betanzos, Raposo no Barbanza, Branca do País no Val do Navia.

Antecedentes

García de los Salmones (1914) cítaa baixo a denominación de Branca Lexítima na localidade de Paderne (Betanzos), na provincia da Coruña.

Situación actual

Varietade minoritaria presente nas zonas de Betanzos e O Barbanza. Non se dispoñen de datos de superficie cultivada no Rexistro Vitícola da Comunidade. Recentemente incluíuse no Rexistro de variedades comerciais.

Valoracións sobre o seu cultivo

Varietade de brotación e maduración temperá, presenta baixo rendemento, alta sensibilidade ao oídio e de intensidade media ao mildeu. Produce viños de elevada graduación alcohólica (15,5-16,5%) e de acidez media (6,2-6,7 g/L). Caracterizado por posuír un alto contido en terpenois, superior aos encontrados no Albariño, Treixadura e Godello, variedades estas últimas consideradas como idóneas para a elaboración de viños brancos en Galicia.

Descrición morfolóxica

Pámpano novo

O pámpano novo presenta a extremidade aberta con peluxe tombada de densidade baixa e pigmentación reberetada de intensidade débil. A cara dorsal e ventral dos entrenós e ventral dos nós é verde e vermella, mentres a dorsal dos nós é verde. As xemas non presentan pigmentación antociánica.

Folla nova

A folla nova é verde ou bronceada con peluxe tombada de densidade baixa.

Folla adulta

A folla adulta de cor verde media presenta tamaño medio e forma pentagonal, con cinco lóbulos; peluda, con densidade baixa de pelos tombados entre e sobre os nervios principais do envés do limbo; perfil alabeado; limbo con avultamento e inchazón débil; presenza de pigmentación antociánica sobre os nervios principais do envés do limbo que alcanza a primeira bifurcación; dentes con lados rectilíneos, de lonxitude media en relación á súa anchura; seo peciolar pouco aberto e coa base en forma de chave; seos laterais superiores abertos coa base en forma de V; pecíolo lixeiramente máis curto que o nervio principal.

Acio

O acio é cónico, de lonxitude, anchura e compacidade media e con presenza de 1 ou 2 ás. O pedúnculo é de lonxitude moi curta.

Bago

O bago de cor verde amarela presenta forma elíptica curta.

Caracterización ampelográfica

Código OIV	Carácter OIV	Notación	Nivel de expresión
Pámpano novo			
001	Forma da extremidade	aberta	5
002	Distribución da pigmentación antociánica da extremidade	reberetada	2
003	Intensidade da pigmentación antociánica da extremidade	débil	3
004	Densidade dos pelos tombados da extremidade	baixa	3
005	Densidade dos pelos ergueitos da extremidade	nula ou moi baixa	1
006	Porte	semi-ergueito	3
007	Cor da cara dorsal dos entrenós	verde e vermella	2
008	Cor da cara ventral dos entrenós	verde e vermella	2
009	Cor da cara dorsal dos nós	verde	1
010	Cor da cara ventral dos nós	verde e vermella	2
011	Densidade dos pelos ergueitos dos nós	nula ou moi baixa	1
012	Densidade dos pelos ergueitos dos entrenós	nula ou moi baixa	1
015.1	Pigmentación antociánica das xemas	ausente	1
015.2	Intensidade da pigmentación antociánica das xemas	nula ou moi débil	1
0.16	Número de gabiáns consecutivos	dous	1
Folla nova			
051	Cor da face	verde	1
053	Densidade dos pelos tombados entre os nervios	baixa	3
056	Densidade dos pelos ergueitos dos nervios principais	nula ou moi baixa	1
Folla adulta			
065	Tamaño	medio	5
067	Forma do limbo	pentagonal	3
068	Número de lóbulos	cinco	3
069	Cor da face	verde media	5
070	Pigmentación antociánica dos nervios principais da face do limbo	ata a primeira bifurcación	3
071	Pigmentación antociánica dos nervios principais do envés do limbo	ata a primeira bifurcación	3
072	Avultamento do limbo	débil	3
073	Ondulación do limbo entre os nervios principais ou secundarios	presente	9
074	Perfil	alabeado	5
075	Inchazón da face	débil	3
076	Forma dos dentes	rectilíneos	2
078	Lonxitude dos dentes en relación á súa anchura na base	media	5
079	Solapamento do seo peciolar	pouco aberto	3
080	Forma da base do seo peciolar	en chave	2
081.1	Dentes no seo peciolar	ausentes	1
081.2	Base do seo peciolar limitada pola nervadura	non delimitada	1
082	Solapamento dos seos laterais superiores	aberto	1

Código OIV	Carácter OIV	Notación	Nivel de expresión
083.1	Forma da base dos seos laterais superiores	en V	3
083.2	Dentes nos seos laterais superiores	ausente	1
084	Densidade dos pelos tombados entre os nervios do envés	baixa	3
085	Densidade dos pelos ergueitos entre os nervios do envés	nula ou moi baixa	1
086	Densidade dos pelos tombados sobre os nervios do envés	baixa	3
087	Densidade dos pelos ergueitos sobre os nervios do envés	baixa	3
088	Peluxe dos nervios principais da face	ausentes	1
089	Peluxe ergueita dos nervios principais da face	ausentes	1
090	Densidade dos pelos tombados do pecíolo	nula ou moi baixa	1
091	Densidade dos pelos ergueitos do pecíolo	nula ou moi baixa	1
093	Lonxitude do pecíolo en relación ao nervio central	lixeramente máis curto	3
Inflorescencia			
151	Sexo da flor	hermafrodita	3
Acio			
202	Lonxitude	media	5
204	Compacidade	media	5
206	Lonxitude do pedúnculo	moi curta	1
208	Forma	cónica	2
209	Número de ás do acio primario	1 ou 2	2
Bago			
220	Lonxitude	longa	7
221	Anchura	ancha	7
222	Uniformidade do tamaño	uniforme	2
223	Forma	elíptica curta	3
225	Cor da epiderme	verde amarela	1

Caracterización ampelométrica

Carácter ampelométrico	Valor máximo e mínimo (cm)	Valor medio (cm)
Lonxitude do nervio central (N1)	10,15-6,83	8,64
Lonxitude do nervio principal lateral superior (N2)	9,95-6,20	8,19
Lonxitude do nervio principal lateral inferior (N3)	7,79-4,56	6,10
Lonxitude do nervio secundario inferior (N4)	5,36-2,85	4,35
Lonxitude do nervio terciario inferior (N5)	3,01-1,40	2,13
Distancia do punto peciolar á intersección de N3-N4 (N6)	1,01-0,29	0,61
Distancia do punto peciolar ao seo superior (U)	7,49-3,36	4,95
Distancia do punto peciolar ao seo inferior (O)	6,00-2,69	4,23
Número de dentes entre o extremo N2 e o seu primeiro nervio secundario (ND)	7,00-4,00	5,00

Carácter apelmométrico	Valor máximo e mínimo (cm)	Valor medio (cm)
Distancia entre o extremo de N2 e o seu primeiro nervio secundario (PL)	4,87-3,05	3,96
Lonxitude do dente de N1 medido ao punto medio da base (L1)	1,00-0,32	0,72
Lonxitude do dente de N2 medido ao punto medio da base (L2)	1,43-0,65	0,95
Lonxitude do dente de N3 medido ao punto medio da base (L3)	1,03-0,43	0,72
Lonxitude do dente de N4 medido ao punto medio da base (L4)	0,83-0,39	0,59
Anchura do dente de N1 (A1)	1,32-0,57	0,98
Anchura do dente de N2 (A2)	1,46-0,62	1,04
Anchura do dente de N3 (A3)	1,18-0,75	0,99
Anchura do dente de N4 (A4)	1,01-0,60	0,87
Abertura do seo peciolar (SP)	2,34-0,41	1,26
Ancho da folla (AN)	13,14-10,67	12,05
Alto da folla (ALT)	12,96-10,61	12,25
Proxección da distancia entre os extremos N1 e N3 sobre o eixe da folla (L)	11,33-9,27	10,64
Distancia entre os extremos N2 do lado grande e do lado pequeno (IS)	12,53-8,73	10,73
Distancia entre os extremos N3 do lado grande e do lado pequeno (II)	12,50-9,71	11,17
Distancia entre os extremos de N1 e N2 (ENS)	8,34-4,07	6,41
Distancia entre os extremos de N2 e N3 (ENM)	6,78-5,22	6,00
Distancia entre os extremos de N3 e N4 (ENI)	5,53-3,41	4,31
Distancia do punto peciolar ao extremo de N4 (NL)	5,73-3,21	4,64
Distancia entre as bases dos seos superiores (DS1)	5,72-3,46	4,26
Distancia entre a base dos seos inferiores (DS2)	9,67-5,90	7,61
Distancia entre as bases do seo superior e inferior (DS)	4,83-2,93	3,46
Abertura do seo superior (SS)	0,72-0,00	0,14
Abertura do seo inferior (SI)	0,92-0,40	0,63

Carácter apelmométrico	Valor máximo e mínimo (graos)	Valor medio (graos)
Ángulo entre N1 e N2 (A)	59,94-45,10	53,98
Ángulo entre N2 e N3 (B)	62,27-43,72	52,04
Ángulo entre N3 e N4 (C)	56,69-43,82	48,76
Ángulo entre N4 e N5 (D)	47,43-30,42	40,46
Ángulo entre N3 e o bordo do seo peciolar (E)	72,16-38,99	61,17
Ángulo entre os extremos de N1 e o seu primeiro nervio secundario (F)	113,68-11,95	97,09
Ángulo entre os extremos N1 e N2 (AP)	129,84-11,69	113,54

Caracterización molecular

Microsatélites	VVS2	VVMD5	VVMD7	ssrVrZAG47	ssrVrZAG62	ssrVrZAG79	VVS29	VVS5
Pb	130	218	237	157	185	243	169	117
	150	234	255	165	193	245	169	150

SUMIDADE




FOLLA NOVA: FACE, ENVÉS



FOLLA ADULTA: FACE



FOLLA ADULTA: ENVÉS



52

ACIO



BAGO



ALBARÍN TINTO

Referencias na colección da EVEGA:
F8P38, F13P59P68, F17P31P38,
F18P64P69, F33P34P43, F48P36P45,
F63P15P35.

Sinonimias

Tinto Serodo, Caño Gordo.

Antecedentes

García de los Salmones (1914) cítala na Fonsagrada baixo a denominación de Albarín. Variedade de importante relevancia en Asturias, que segundo Hidalgo e Candela (1971) ocupaba o 75% da superficie relativa provincial. Esta variedade ten a súa orixe no Mouratón, que aparece na liñaxe do Merenzao (Díaz-Losada *et al.*, 2010).

Situación actual

Presenza puntual na bacía do río Navia ao seu paso pola provincia de Lugo. Atopáronse tamén individuos illados na DO Monterrei.

Valoracións sobre o seu cultivo

Variedade de brotación media e maduración tardía, produce viños de elevada acidez (9,8 g/L) e de graduación alcohólica baixa (9,6%).

Descrición morfolóxica

Pámpano novo

O pámpano novo presenta a extremidade aberta con peluxe tombada de densidade media e pigmentación reberetada de intensidade débil. A cara dorsal e ventral dos entrenós é verde, ao igual que a dorsal dos nós, mentres a ventral destes últimos é verde e vermella. As xemas non presentan pigmentación antociánica.

Folla nova

A folla nova é verde con peluxe tombada de densidade media.

Folla adulta

A folla adulta de cor verde media presenta tamaño medio e forma pentagonal, con cinco lóbulos; peluda, con densidade baixa de pelos tombados entre e sobre os nervios principais do envés do limbo; perfil alabeado; limbo con avultamento e inchazón débil; dentes con mestura de lados rectilíneos e convexos, de lonxitude media en relación á súa anchura; seo peciolar con lóbulos lixeiramente superpostos e coa base en forma de chave; seos laterais superiores abertos coa base en forma de V; pecíolo de lonxitude lixeiramente máis curta que o nervio principal.

Acio

O acio é cónico, curto, ancho, de compacidade media e con presenza de 1 ou 2 ás. O pedúnculo é de lonxitude curta.

Bago

O bago de cor azul negra presenta forma esférica.

Caracterización ampelográfica

Código OIV	Carácter OIV	Notación	Nivel de expresión
Pámpano novo			
001	Forma da extremidade	aberta	5
002	Distribución da pigmentación antociánica da extremidade	reberetada	2
003	Intensidade da pigmentación antociánica da extremidade	débil	3
004	Densidade dos pelos tombados da extremidade	media	5
005	Densidade dos pelos ergueitos da extremidade	nula ou moi baixa	1
006	Porte	semi-ergueito	3
007	Cor da cara dorsal dos entrenós	verde	1
008	Cor da cara ventral dos entrenós	verde	1
009	Cor da cara dorsal dos nós	verde	1
010	Cor da cara ventral dos nós	verde e vermella	2
011	Densidade dos pelos ergueitos dos nós	nula ou moi baixa	1
012	Densidade dos pelos ergueitos dos entrenós	nula ou moi baixa	1
015.1	Pigmentación antociánica das xemas	ausente	1
015.2	Intensidade da pigmentación antociánica das xemas	nula ou moi débil	1
0.16	Número de gabiáns consecutivos	dous	1
Folla nova			
051	Cor da face	verde	1
053	Densidade dos pelos tombados entre os nervios	media	5
056	Densidade dos pelos ergueitos dos nervios principais	nula ou moi baixa	1
Folla adulta			
065	Tamaño	medio	5
067	Forma do limbo	pentagonal	3
068	Número de lóbulos	cinco	3
069	Cor da face	verde media	5
070	Pigmentación antociánica dos nervios principais da face do limbo	nula	1
071	Pigmentación antociánica dos nervios principais do envés do limbo	nula	1
072	Avultamento do limbo	débil	3
073	Ondulación do limbo entre os nervios principais ou secundarios	presente	9
074	Perfil	alabeado	5
075	Inchazón da face	débil	3
076	Forma dos dentes	mestura de lados rectilíneos e convexos	5
078	Lonxitude dos dentes en relación á súa anchura na base	medios	5
079	Solapamento do seo peciolar	lixeramente superpostos	4
080	Forma da base do seo peciolar	en chave	2
081.1	Dentes no seo peciolar	ausentes	1
081.2	Base do seo peciolar limitada pola nervadura	non delimitada	1
082	Solapamento dos seos laterais superiores	aberto	1

Código OIV	Carácter OIV	Notación	Nivel de expresión
083.1	Forma da base dos seus laterais superiores	en V	3
083.2	Dentes nos seus laterais superiores	ausente	1
084	Densidade dos pelos tombados entre os nervios do envés	baixa	3
085	Densidade dos pelos ergueitos entre os nervios do envés	nula ou moi baixa	1
086	Densidade dos pelos tombados sobre os nervios do envés	baixa	3
087	Densidade dos pelos ergueitos sobre os nervios do envés	baixa	3
088	Peluxe dos nervios principais da face	ausentes	1
089	Peluxe ergueita dos nervios principais da face	ausentes	1
090	Densidade dos pelos tombados do pecíolo	nula ou moi baixa	1
091	Densidade dos pelos ergueitos do pecíolo	nula ou moi baixa	1
093	Lonxitude do pecíolo en relación ao nervio central	lixeramente máis curto	3
Inflorescencia			
151	Sexo da flor	hermafrodita	3
Acio			
202	Lonxitude	curta	3
204	Compacidade	media	5
206	Lonxitude do pedúnculo	curta	3
208	Forma	cónica	2
209	Número de ás do acio primario	1 ou 2	2
Bago			
220	Lonxitude	longa	7
221	Anchura	ancha	7
222	Uniformidade do tamaño	uniforme	2
223	Forma	esférica	2
225	Cor da epiderme	azul negra	6

Caracterización ampelométrica

Carácter ampelométrico	Valor máximo e mínimo (cm)	Valor medio (cm)
Lonxitude do nervio central (N1)	10,35-7,70	9,24
Lonxitude do nervio principal lateral superior (N2)	9,80-7,62	8,59
Lonxitude do nervio principal lateral inferior (N3)	7,59-5,38	6,33
Lonxitude do nervio secundario inferior (N4)	5,34-3,90	4,51
Lonxitude do nervio terciario inferior (N5)	2,91-2,07	2,47
Distancia do punto peciolar á intersección de N3-N4 (N6)	1,23-0,50	0,88
Distancia do punto peciolar ao seo superior (U)	6,68-3,79	5,35
Distancia do punto peciolar ao seo inferior (O)	5,91-3,31	4,55
Número de dentes entre o extremo N2 e o seu primeiro nervio secundario (ND)	8,00-4,00	6,11

Carácter ampelométrico	Valor máximo e mínimo (cm)	Valor medio (cm)
Distancia entre o extremo de N2 e o seu primeiro nervio secundario (PL)	5,88-4,13	4,87
Lonxitude do dente de N1 medido ao punto medio da base (L1)	0,95-0,25	0,55
Lonxitude do dente de N2 medido ao punto medio da base (L2)	1,08-0,65	0,84
Lonxitude do dente de N3 medido ao punto medio da base (L3)	0,87-0,46	0,71
Lonxitude do dente de N4 medido ao punto medio da base (L4)	0,81-0,51	0,67
Anchura do dente de N1 (A1)	1,25-0,48	0,91
Anchura do dente de N2 (A2)	1,34-0,75	1,06
Anchura do dente de N3 (A3)	1,28-0,79	1,07
Anchura do dente de N4 (A4)	1,20-0,70	0,94
Abertura do seo peciolar (SP)	2,10-0,34	1,27
Ancho da folla (AN)	15,72-10,83	13,60
Alto da folla (ALT)	15,75-11,19	13,81
Proxección da distancia entre os extremos N1 e N3 sobre o eixe da folla (L)	14,10-10,77	12,64
Distancia entre os extremos N2 do lado grande e do lado pequeno (IS)	14,08-9,91	12,36
Distancia entre os extremos N3 do lado grande e do lado pequeno (II)	14,63-10,13	12,14
Distancia entre os extremos de N1 e N2 (ENS)	9,12-6,46	7,76
Distancia entre os extremos de N2 e N3 (ENM)	8,21-6,41	7,43
Distancia entre os extremos de N3 e N4 (ENI)	6,53-3,81	4,96
Distancia do punto peciolar ao extremo de N4 (NL)	5,87-3,99	5,15
Distancia entre as bases dos seos superiores (DS1)	8,55-3,66	6,07
Distancia entre a base dos seos inferiores (DS2)	11,85-7,49	9,44
Distancia entre as bases do seo superior e inferior (DS)	6,79-4,06	5,22
Abertura do seo superior (SS)	0,98-0,14	0,53
Abertura do seo inferior (SI)	0,85-0,45	0,58

Carácter ampelométrico	Valor máximo e mínimo (graos)	Valor medio (graos)
Ángulo entre N1 e N2 (A)	68,05-56,92	61,59
Ángulo entre N2 e N3 (B)	66,19-49,9	49,90
Ángulo entre N3 e N4 (C)	61,17-44,79	49,92
Ángulo entre N4 e N5 (D)	46,01-33,71	39,08
Ángulo entre N3 e o bordo do seo peciolar (E)	60,96-40,85	54,03
Ángulo entre os extremos de N1 e o seu primeiro nervio secundario (F)	118,54-93,86	106,22
Ángulo entre os extremos N1 e N2 (AP)	127,04-111,35	117,86

Caracterización molecular

Microsatélites	VVS2	VVMD5	VVMD7	ssrVrZAG47	ssrVrZAG62	ssrVrZAG79	VVS29	VVS5
Pb	140	222	251	155	187	249	169	94
	150	234	255	165	199	249	169	150


SUMIDADE




FOLLA NOVA: FACE, ENVÉS



FOLLA ADULTA: FACE



FOLLA ADULTA: ENVÉS



ACIO



BAGO



Referencias na colección da EVEGA:

F34P43P52, F34P63P89, F35P83P93, F47P17P35, F48P30P35, F54P48P53, F55P48P56, F56P24P52, F57P24P36, F58P4852.

Sinonimias

Non se coñecen.

Antecedentes

García de los Salmones (1914) cítala como cultivada nas provincias de Lugo, A Coruña e Pontevedra. No Catastro Vitícola de 1983 indícase o seu cultivo na provincia da Coruña, Ourense e Pontevedra, onde representaba o 1,99% da superficie do viñado.

Situación actual

É recoñecida como variedade preferente nas DD.OO. Ribeira Sacra, Rías Baixas e Valdeorras, e como autorizada nas DD.OO. Ribeiro e Monterrei. Tamén é contemplada para a elaboración de viños nas indicacións xeográficas Viño da Terra Barbanza e Iria e Val do Miño. A superficie de cultivo representa o 16,70% da superficie total do viñado da comunidade, e corresponden 3.537,75 ha á provincia de Pontevedra (5,02 ha a Ribeira do Ulla, 1.955,1 ha ao Val do Salnés, 876,95 ha ao Condado do Tea, 419,62 ha ao Rosal, 41,89 ha a Soutomaior), 194,38 ha á Coruña, 5,48 ha a Lugo e 51,88 ha a Ourense.

Valoracións sobre o seu cultivo

Variedade de brotación precoz e maduración media, presenta sensibilidade alta ao oídio, moderada ao mildeu e baixa á botrite. Produce viños de elevado potencial enolóxico, con graduación e acidez elevada (a graduación varía entre 8,6 e 14,2%, e a acidez entre 7,2 e 14,3g/L), caracterizados polos seus aromas afroitados.

Descrición morfolóxica

Pámpano novo

O pámpano novo presenta a extremidade aberta con peluxe tombada de densidade media e pigmentación reberetada de intensidade media. A cara dorsal dos entrenós e nós e a cara ventral dos nós son verde e vermella, mentres que a ventral dos entrenós é verde. As xemas teñen pigmentación antociánica basal de intensidade media.

Folla nova

A folla nova é verde con peluxe tombada de densidade alta.

Folla adulta

A folla adulta de cor verde media presenta tamaño medio e forma pentagonal, con tres lóbulos; peluda, con densidade media de pelos tombados entre os nervios principais do envés do limbo; perfil plano; limbo con avultamento e inchazón débil; dentes dos lados convexos, de lonxitude curta en relación á súa anchura; seo peciolar con lóbulos semiabertos e coa base en forma de chave; seos laterais superiores abertos coa base en forma de V; pecíolo lixeiramente máis curto que o nervio principal.

Acio

O acio é cónico, de lonxitude curta, anchura e compacidade media e con presenza de 1 ou 2 ás. O pedúnculo é de lonxitude media.

Bago

O bago de cor verde amarela presenta forma elíptica curta.

Caracterización ampelográfica

Código OIV	Carácter OIV	Notación	Nivel de expresión
Pámpano novo			
001	Forma da extremidade	aberta	5
002	Distribución da pigmentación antociánica da extremidade	reberetada	2
003	Intensidade da pigmentación antociánica da extremidade	media	5
004	Densidade dos pelos tombados da extremidade	media	5
005	Densidade dos pelos ergueitos da extremidade	nula ou moi baixa	1
006	Porte	semi-ergueito	3
007	Cor da cara dorsal dos entrenós	verde e vermella	2
008	Cor da cara ventral dos entrenós	verde	1
009	Cor da cara dorsal dos nós	verde e vermella	2
010	Cor da cara ventral dos nós	verde e vermella	2
011	Densidade dos pelos ergueitos dos nós	nula ou moi baixa	1
012	Densidade dos pelos ergueitos dos entrenós	nula ou moi baixa	1
015.1	Pigmentación antociánica das xemas	na base	2
015.2	Intensidade da pigmentación antociánica das xemas	media	5
0.16	Número de gabiáns consecutivos	dous	1
Folla nova			
051	Cor da face	verde	1
053	Densidade dos pelos tombados entre os nervios	alta	7
056	Densidade dos pelos ergueitos dos nervios principais	nula ou moi baixa	1
Folla adulta			
065	Tamaño	medio	5
067	Forma do limbo	pentagonal	3
068	Número de lóbulos	tres	2
069	Cor da face	verde media	5
070	Pigmentación antociánica dos nervios principais da face do limbo	ata a primeira bifurcación	3
071	Pigmentación antociánica dos nervios principais do envés do limbo	ata a primeira bifurcación	3
072	Avultamento do limbo	débil	3
073	Ondulación do limbo entre os nervios principais ou secundarios	ausente	1
074	Perfil	plano	1
075	Inchazón da face	débil	3
076	Forma dos dentes	convexos	3
078	Lonxitude dos dentes en relación á súa anchura na base	curta	3
079	Solapamento do seo peciolar	semi-aberto	2
080	Forma da base do seo peciolar	en chave	2
081.1	Dentes no seo peciolar	ausentes	1
081.2	Base do seo peciolar limitada pola nervadura	non delimitada	1

Código OIV	Carácter OIV	Notación	Nivel de expresión
082	Solapamento dos seos laterais superiores	aberto	1
083.1	Forma da base dos seos laterais superiores	en V	3
083.2	Dentes nos seos laterais superiores	ausente	1
084	Densidade dos pelos tombados entre os nervios do envés	media	5
085	Densidade dos pelos ergueitos entre os nervios do envés	nula ou moi baixa	1
086	Densidade dos pelos tombados sobre os nervios do envés	media	5
087	Densidade dos pelos ergueitos sobre os nervios do envés	nula ou moi baixa	1
088	Peluxe dos nervios principais da face	presente	9
089	Peluxe ergueita dos nervios principais da face	ausentes	1
090	Densidade dos pelos tombados do pecíolo	nula ou moi baixa	1
091	Densidade dos pelos ergueitos do pecíolo	nula ou moi baixa	1
093	Lonxitude do pecíolo en relación ao nervio central	lixeramente máis curto	3
Inflorescencia			
151	Sexo da flor	hermafrodita	3
Acio			
202	Lonxitude	media	5
204	Compacidade	media	5
206	Lonxitude do pedúnculo	media	5
208	Forma	cónica	2
209	Número de ás do acio primario	1 ou 2	2
Bago			
220	Lonxitude	media	5
221	Anchura	media	5
222	Uniformidade do tamaño	uniforme	2
223	Forma	elíptica curta	3
225	Cor da epiderme	verde amarela	1

Caracterización ampelométrica

Carácter ampelométrico	Valor máximo e mínimo (cm)	Valor medio (cm)
Lonxitude do nervio central (N1)	12,59-8,71	10,20
Lonxitude do nervio principal lateral superior (N2)	10,69-8,25	9,27
Lonxitude do nervio principal lateral inferior (N3)	7,98-5,65	6,71
Lonxitude do nervio secundario inferior (N4)	4,92-3,21	4,07
Lonxitude do nervio terciario inferior (N5)	2,40-1,15	1,68
Distancia do punto peciolar á intersección de N3-N4 (N6)	1,79-0,52	0,90
Distancia do punto peciolar ao seo superior (U)	9,63-7,30	8,11
Distancia do punto peciolar ao seo inferior (O)	-	-
Número de dentes entre o extremo N2 e o seu primeiro nervio secundario (ND)	10,00-5,00	8,00

Carácter apelmométrico	Valor máximo e mínimo (cm)	Valor medio (cm)
Distancia entre o extremo de N2 e o seu primeiro nervio secundario (PL)	5,13-3,82	4,51
Lonxitude do dente de N1 medido ao punto medio da base (L1)	1,07-0,42	0,69
Lonxitude do dente de N2 medido ao punto medio da base (L2)	1,13-0,46	0,78
Lonxitude do dente de N3 medido ao punto medio da base (L3)	1,20-0,43	0,75
Lonxitude do dente de N4 medido ao punto medio da base (L4)	0,72-0,00	0,50
Anchura do dente de N1 (A1)	1,32-0,66	0,96
Anchura do dente de N2 (A2)	1,60-0,72	1,03
Anchura do dente de N3 (A3)	1,61-0,70	1,06
Anchura do dente de N4 (A4)	1,00-0,49	0,78
Abertura do seo peciolar (SP)	4,48-1,78	2,93
Ancho da folla (AN)	15,20-12,30	13,79
Alto da folla (ALT)	15,53-11,06	13,34
Proxección da distancia entre os extremos N1 e N3 sobre o eixe da folla (L)	14,38-10,64	12,24
Distancia entre os extremos N2 do lado grande e do lado pequeno (IS)	13,93-10,59	11,98
Distancia entre os extremos N3 do lado grande e do lado pequeno (II)	14,62-11,26	12,99
Distancia entre os extremos de N1 e N2 (ENS)	8,35-5,46	7,13
Distancia entre os extremos de N2 e N3 (ENM)	8,12-5,75	6,87
Distancia entre os extremos de N3 e N4 (ENI)	5,52-3,47	4,54
Distancia do punto peciolar ao extremo de N4 (NL)	13,22-2,84	5,82
Distancia entre as bases dos seos superiores (DS1)	9,69-7,89	8,59
Distancia entre a base dos seos inferiores (DS2)	2,12-0,42	0,80
Distancia entre as bases do seo superior e inferior (DS)	50,08-37,14	44,54
Abertura do seo superior (SS)	50,31-35,38	46,02
Abertura do seo inferior (SI)	-	-

Carácter apelmométrico	Valor máximo e mínimo (graos)	Valor medio (graos)
Ángulo entre N1 e N2 (A)	50,08-37,14	44,54
Ángulo entre N2 e N3 (B)	50,31-35,38	46,02
Ángulo entre N3 e N4 (C)	55,43-36,59	45,21
Ángulo entre N4 e N5 (D)	45,30-22,63	31,50
Ángulo entre N3 e o bordo do seo peciolar (E)	67,52-21,55	45,47
Ángulo entre os extremos de N1 e o seu primeiro nervio secundario (F)	145,78-106,21	120,01
Ángulo entre os extremos de N1 e N2 (AP)	134,78-107,21	118,70

Caracterización molecular

Microsatélites	VVS2	VVMD5	VVMD7	ssrVrZAG47	ssrVrZAG62	ssrVrZAG79	VVS29	VVS5
Pb	132	218	237	165	185	245	169	121
	150	228	237	165	203	249	169	150


SUMIDADE




FOLLA NOVA: FACE, ENVÉS



FOLLA ADULTA: FACE



FOLLA ADULTA: ENVÉS



62

ACIO



BAGO



Referencias na colección da EVEGA:
F34P36P42, F55P40P47, F56P01,
F57P01P10.

Sinonimias

Albillo.

Antecedentes

García de los Salmenes (1914) cítaa como cultivada na parte oriental da rexión, mentres que o Catastro Vitícola de 1983 indica o seu cultivo nos municipios de Beade e Cenlle na DO Ribeiro.

Situación actual

Esta variedade está considerada baixo a categoría de autorizada na DO Ribeiro, aínda que actualmente non consta no Rexistro de variedades de vide comercializadas. Localizáronse escasos exemplares formando parte de parcelas plurivarietais na DO Ribeiro.

Valoracións sobre o seu cultivo

Variedade de brotación tardía e maduración moi tardía. Produce viños cunha graduación alcohólica, en condicións óptimas de maduración, arredor do 14,4% e cunha acidez preto do 6,4 (g/L). Estudos analíticos comparativos entre este cultivar e o cultivar treixadura mostran que ambos os dous presentan matices similares.

Descrición morfolóxica

Pámpano novo

O pámpano novo presenta a extremidade aberta con peluxe tombada de densidade baixa e pigmentación reberetada de intensidade media. A cara dorsal do entrenó é verde e vermella, mentres que a cara ventral é verde, ao igual que a cara dorsal e ventral dos nós. As xemas non presentan pigmentación antociánica.

Folla nova

A folla nova é bronceada con peluxe tombada de densidade media.

Folla adulta

A folla adulta de cor verde media presenta tamaño medio e forma pentagonal, con tres lóbulos; peluda, con densidade baixa de pelos tombados entre os nervios principais do envés do limbo e de pelos ergueitos sobre os nervios principais do envés do limbo; perfil alabeado; limbo con avultamento e inchazón de intensidade débil; presenza de pigmentación antociánica sobre os nervios principais do envés do limbo que alcanza a primeira bifurcación; dentes de lados rectilíneos, de lonxitude media en relación á súa anchura; seo peciolar con lóbulos medio superpostos e coa base en forma de V; seos laterais superiores abertos coa base en forma de V; pecíolo lixeiramente máis curto que o nervio principal.

Acio

O acio é cónico, de lonxitude e compacidade media e con presenza de 1 ou 2 ás. O pedúnculo é de lonxitude curta.

Bago

O bago de cor verde amarela presenta forma elíptica curta.

Caracterización ampelográfica

Código OIV	Carácter OIV	Notación	Nivel de expresión
Pámpano novo			
001	Forma da extremidade	aberta	5
002	Distribución da pigmentación antociánica da extremidade	reberetada	2
003	Intensidade da pigmentación antociánica da extremidade	media	5
004	Densidade dos pelos tombados da extremidade	baixa	3
005	Densidade dos pelos ergueitos da extremidade	nula ou moi baixa	1
006	Porte	semi-ergueito	3
007	Cor da cara dorsal dos entrenós	verde e vermella	2
008	Cor da cara ventral dos entrenós	verde	1
009	Cor da cara dorsal dos nós	verde	1
010	Cor da cara ventral dos nós	verde	1
011	Densidade dos pelos ergueitos dos nós	nula ou moi baixa	1
012	Densidade dos pelos ergueitos dos entrenós	nula ou moi baixa	1
015.1	Pigmentación antociánica das xemas	ausente	1
015.2	Intensidade da pigmentación antociánica das xemas	nula	1
0.16	Número de gabiáns consecutivos	dous	1
Folla nova			
051	Cor da face	bronceada	3
053	Densidade dos pelos tombados entre os nervios	media	5
056	Densidade dos pelos ergueitos dos nervios principais	nula ou moi baixa	1
Folla adulta			
065	Tamaño	medio	5
067	Forma do limbo	pentagonal	3
068	Número de lóbulos	tres	2
069	Cor da face	verde media	5
070	Pigmentación antociánica dos nervios principais da face do limbo	ata a primeira bifurcación	3
071	Pigmentación antociánica dos nervios principais do envés do limbo	ata a primeira bifurcación	3
072	Avultamento do limbo	débil	3
073	Ondulación do limbo entre os nervios principais ou secundarios	presente	9
074	Perfil	alabeado	5
075	Inchazón da face	débil	3
076	Forma dos dentes	rectilíneos	2
078	Lonxitude dos dentes en relación á súa anchura na base	medios	5
079	Solapamento do seo peciolar	medio superpostos	4
080	Forma da base do seo peciolar	en V	3
081.1	Dentes no seo peciolar	ausentes	1
081.2	Base do seo peciolar limitada pola nervadura	non delimitada	1

Código OIV	Carácter OIV	Notación	Nivel de expresión
082	Solapamento dos seos laterais superiores	aberto	1
083.1	Forma da base dos seos laterais superiores	en V	3
083.2	Dentes nos seos laterais superiores	ausente	1
084	Densidade dos pelos tombados entre os nervios do envés	baixa	3
085	Densidade dos pelos ergueitos entre os nervios do envés	nula ou moi baixa	1
086	Densidade dos pelos tombados sobre os nervios do envés	nula ou moi baixa	1
087	Densidade dos pelos ergueitos sobre os nervios do envés	baixa	3
088	Peluxe dos nervios principais da face	ausentes	1
089	Peluxe ergueita dos nervios principais da face	ausentes	1
090	Densidade dos pelos tombados do pecíolo	nula ou moi baixa	1
091	Densidade dos pelos ergueitos do pecíolo	nula ou moi baixa	1
093	Lonxitude do pecíolo en relación ao nervio central	curta	3
Inflorescencia			
151	Sexo da flor	hermafrodita	3
Acio			
202	Lonxitude	media	5
204	Compacidade	media	5
206	Lonxitude do pedúnculo	curta	3
208	Forma	cónica	2
209	Número de ás do acio primario	1 ou 2	2
Bago			
220	Lonxitude	longa	7
221	Anchura	ancha	7
222	Uniformidade do tamaño	uniforme	2
223	Forma	elíptica curta	3
225	Cor da epiderme	verde amarela	1

Caracterización ampelométrica

Carácter ampelométrico	Valor máximo e mínimo (cm)	Valor medio (cm)
Lonxitude do nervio central (N1)	14,28-9,57	13,00
Lonxitude do nervio principal lateral superior (N2)	12,62-9,58	11,45
Lonxitude do nervio principal lateral inferior (N3)	9,90-7,39	8,36
Lonxitude do nervio secundario inferior (N4)	6,65-4,38	5,80
Lonxitude do nervio terciario inferior (N5)	4,07-2,45	3,19
Distancia do punto peciolar á intersección de N3-N4 (N6)	1,22-0,57	0,90
Distancia do punto peciolar ao seo superior (U)	9,74-5,94	8,49
Distancia do punto peciolar ao seo inferior (O)	8,34-5,68	7,02
Número de dentes entre o extremo N2 e o seu primeiro nervio secundario (ND)	10,00-7,00	8,28

Carácter ampelométrico	Valor máximo e mínimo (cm)	Valor medio (cm)
Distancia entre o extremo de N2 e o seu primeiro nervio secundario (PL)	6,88-3,97	5,69
Lonxitude do dente de N1 medido ao punto medio da base (L1)	1,15-0,46	0,83
